

35

PARLAMENTO  
DE GALICIA



Relatorios

**XORNADA**  
**“A INCIDENCIA DA ADHESIÓN**  
**Á UNIÓN EUROPEA”**



## *Relatorios A incidencia da adhesión á Unión Europea*

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

Relatorios *A incidencia da adhesión á Unión Europea*

Santiago de Compostela, maio de 2017

Edita

© Parlamento de Galicia, 2017

Rúa do Hórreo, 63

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

[www.parlamento.gal](http://www.parlamento.gal)

© dos textos, os relatores

Maquetación

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-116-8

## ÍNDICE

	Páxina
<b>Presentación da xornada</b>	5
Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia	
<b>O Parlamentarismo no proceso de integración europea</b>	9
Katerina Fortún Gudrun Mosler-Törnström Valeriano Martínez García	
<b>Mesa redonda. Os Parlamentos Rexionais: actores clave para a promoción da democracia rexional e as súas interaccións coas institucións da UE</b>	25
Andreas Kiefer (moderador) María Isabel Lirola Delgado José Manuel Sobrino Heredia	
<b>Mesa redonda: Galicia na Unión Europea, Europa no Parlamento de Galicia. O reforzamento democrático da UE, a dimensión parlamentaria rexional na construción europea</b>	39
Susana López Carbia (moderadora) Ana Belén Pontón Mondelo Xoaquín Fernández Leiceaga Luís Villares Naveira Pedro Puy Fraga	
<b>Clausura</b>	69
Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia	

## **PRESENTACIÓN DA XORNADA**

**Miguel Ángel Santalices Vieira**

Presidente do Parlamento de Galicia

## **Miguel Ángel Santalices Vieira**

Presidenta do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa, dona Gudrun Mosler; conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia, don Valeriano Martínez García; representante da Comisión Europea en España, dona Katerina Fortún; membros da Mesa; portavoces e deputados do Parlamento de Galicia; secretario xeral do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa, don Andreas Kiefer; profesores das universidades de Santiago e da Coruña, dona María Isabel Lirola Delgado e don José Manuel Sobrino Heredia; señoras, señores, moi bos días.

Quero, en primeiro lugar, agradecer a súa presenza e dar a benvida ao Parlamento de Galicia a todos vostedes, participantes e ponentes na xornada que, ao longo desta mañá, analizará «A incidencia da adhesión á Unión Europea». Unha actividade que organizamos nas vésperas da celebración do vindeiro Día de Europa, que será o 9 de maio, e que se enmarca na conmemoración do trinta e cinco aniversario do Parlamento de Galicia.

A distancia que separa as institucións dos cidadáns, seguramente por descoñecemento, pode e debe ser remediada, polo que dende o Parlamento de Galicia estamos empeñados en superar esa eiva. Aspiramos a facelo mellorando a calidade do traballo parlamentario, habilitando diferentes canles de participación cidadá e tamén a través dunha estratexia de inmersión na realidade social. Abrimos a sede do Parlamento, como sucede hoxe, cunha xornada de plena actualidade e tamén incentivando unha maior presenza da institución na rúa.

Celebramos —como dicía— unha xornada coa que, ademais de poñer en valor a nosa irrenunciable vocación europeísta, que no caso de Galicia afunde as súas raíces séculos atrás cando os primeiros peregrinos percorreron o Camiño de Santiago, pretendemos tamén poñer en común e confrontar dende unha visión plural as diferentes lecturas que suscita o momento actual da construción europea.

Que a actividade se celebre nun Parlamento autonómico contribúe a facer visible o papel determinante da democracia rexional no afianzamento da estabilidade política e territorial de Europa. Facémolo dende o Parlamento, en efecto, porque nada do que acontece ao noso arredor nos resulta alleo. E tamén porque dende as propias cámaras lexislativas rexionais, pola nosa proximidade ao territorio e o contacto cotián cos problemas que ten a xente, poderemos e deberíamos articular un relato ilusionante e coherente capaz de contribuír a recuperar o compromiso cidadán con Europa, sen obviar por iso a crítica construtiva nin as propostas de mellora, sen dúbida, necesarias.

Recuperar a ilusión e o compromiso con Europa é hoxe un dos nosos obxectivos, rememorando que a integración europea foi unha arela longamente

agardada pola sociedade española, pero que só comezou a albiscarse como posible unha vez iniciada a transición cara á democracia. Este anhelos materializouse primeiramente co ingreso de España no Consello de Europa, no outono de 1977, hai xa corenta anos. Con aquela adhesión e logo de décadas infaustas poñíase de relevo, por fin, a nosa homologación internacional en termos democráticos de respecto aos dereitos humanos e de prevalencia do Estado de dereito.

Sen ánimo de condicionar o debate, que seguro ao longo desta mañá se vai producir, coído que existe unha coincidencia xeneralizada en que o ingreso de España na Unión Europea resultou beneficioso en termos xerais, tanto no ámbito estatal como no ámbito autonómico. E quen teña algunha dúbida convídoos a que se comparen as estruturas da Galicia actual, na nosa comunidade, coas que presentaba anteriormente ao ingreso na entón denominada Comunidade Económica Europea, formalizada hai agora trinta e dous anos, o 12 de xuño de 1985.

Aquí podemos falar de educación, podemos falar de sanidade, pero tamén podemos falar de redes de comunicación e de tantos outros equipamentos que nos serviron para equiparnos —valla a redundancia— tamén co resto de países europeos. E isto foi así, e estabámolo falando hoxe á mañá no despacho.

Pero esta realidade non pode servir de desculpa para esquecer as serias dificultades ás que Europa se enfrenta arestora: orfa de líderes e sobrada de demagogia, como é o que desembocou no *Brexit*, e mesmo de exabruptos, como o que todos recordamos do presidente do Eurogrupo, do que aínda seguimos agardando unha desculpa. Isto é así, pero aínda non a temos.

Escoitamos con frecuencia que as institucións europeas constitúen un monstro burocrático, que resultan difíciles de entender e que traballan de costas á cidadanía, que á súa vez as contemplan con moito escepticismo e como xeradoras dun sinfín de normas que non sempre semellan obedecer a unha necesidade real.

Non serei eu quen negue a lexitimidade a algunhas destas críticas, pero aínda así debemos recoñecer que como cidadáns tamén temos responsabilidade respecto do futuro do proxecto europeo. Estamos ás portas dunha data histórica para o futuro de Europa; refírome en concreto á segunda volta das eleccións presidenciais francesas este domingo, nas que o veredicto das urnas condiciona en gran medida o camiño a seguir: unha Europa unida e que traballe por ser máis forte ou o retroceso. Naturalmente, eu son dos que desexa que a primeira opción tome o corpo ao peche dos colexios electorais o próximo domingo.

Con todo, agora que se veñen celebrar os sesenta anos dos tratados constitutivos, os tratados de Roma, sería insensato caer na tentación de descuali-



ficar o proxecto europeo no seu conxunto. Convén lembrar o seu obxectivo inicial: recuperar a economía dunha rexión devastada pola guerra e blindar a paz.

E recordemos tamén que, dende a súa posta en marcha, o vello continente gozou dunha etapa de estabilidade, prosperidade, democracia e liberdade nunca antes coñecidas. Liberdade e democracia son valores supremos que avanza e se consolidan de xeito paralelo, e convén telo presente. Sempre, ademais, nun continente tantas veces encadeado a xugos represores de diferente signo, pero represores á fin e ao cabo. Discutiblemente, a Unión Europea é sinónimo de democracia e de liberdade e actúa tamén como potente vacina fronte a calquera tentación totalitaria ou regresiva, aínda que esta se presente disfrazada.

No seu célebre discurso de Berlín en 1963, o presidente Kennedy afirmou: «A liberdade presenta moitas dificultades e a democracia non é perfecta, pero nunca tivemos que levantar un muro para manter a nosa xente dentro dela, para evitar que nos abandone». Transcorrido xa máis de medio século desde que foran pronunciadas aquelas palabras, Europa avanzou moito e ben, pero a reflexión continúa tendo plena vixencia.

Fronte á tentación de erguer muros, incluso de diferente signo, sexan estes físicos ou mentais, o debate construtivo como o que hoxe vai ter lugar nesta Cámara debería ser sempre a opción a escoller, polo menos para nós, os demócratas.

A todos, moitas grazas por estar hoxe aquí e que disfruten desta xornada.

Moitas grazas.

E agora, sen máis, doulle a palabra a Katerina Fortún, representante da Comisión Europea en España, responsable de Desenvolvemento Rexional e Urbano.

Cando queira.



## **O PARLAMENTARISMO NO PROCESO DE INTEGRACIÓN EUROPEA**

### **Katerina Fortún**

Representante da Comisión Europea en España. Responsable de Desenvolvemento Rexional e Urbano

### **Gudrun Mosler-Törnström**

Presidenta do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa

### **Valeriano Martínez García**

Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia

## **Katerina Fortún**

É un pracer para min estar aquí hoxe en Santiago e celebrar o aniversario dos trinta e cinco anos do Parlamento desta rexión. Hoxe imos amosarlles a importancia dos parlamentos rexionais para Bruxelas e a importancia do Parlamento Europeo para as institucións da Unión Europea, así como tamén a importancia dos parlamentos rexionais para as institucións europeas, como levar a UE ás rexións e viceversa.

Son a responsable de Desenvolvemento Rexional e Urbano, traballo para a Comisión Europea e vou explicar o que facemos cos fondos europeos, cos fondos europeos rexionais. España foi o máis grande receptor de fondos da Comisión, recibiu máis de 200 millóns de euros. E investimos moito orzamento en infraestruturas, transporte, infraestruturas de medio ambiente, escolas, hospitais... Investimos na construción da infraestrutura de todas elas, investigamos sobre o desenvolvemento, apoiamos as posibles necesidades extra que poidan xurdir, etc. Aquí, en Galicia, tan só por nomear algúns dos proxectos, aínda que non quixera excluír os demais, temos o proxecto de sanidade como Innova Saúde ou Hospital 2015. Tamén temos unha rede financiada con diñeiro ERDF-Feder —polas súas siglas en inglés, que vén sendo o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional—, e esta rede é unha plataforma para colaborar con outras rexións en investigación; investigacións relacionadas co cancro, a oncoloxía, o tratamento da auga, como, por exemplo, en Ourense, para asegurar que os cidadáns ourensáns dispoñan dunha cantidade e calidade de auga axeitada.

Animo todo o mundo a consultar a páxina da Comisión Europea en España ou a páxina de Facebook, onde poderán visionar vídeos que explican os proxectos de investimento non só españois senón tamén galegos, xa que tamén cofinanciamos o Camiño de Santiago ou a recollida de residuos en Lugo. Hai un millón de vídeos nestas páxinas, e compartimos todos estes vídeos porque consideramos que os cidadáns e as cidadás deben ter coñecemento do que facemos todos xuntos.

O que fai a Comisión Europea é preparar unha estratexia de desenvolvemento rexional, acordamos qué é o que se ten que facer, preparamos programas operacionais, que é o xeito de implementar as estratexias rexionais, pensamos como cambiamos a rexión, onde queremos estar dentro de seis-sete anos... Así, con estes programas operacionais, cos que todos os membros están de acordo, aseguramos que os resultados que queremos obter estarán presentes e, por suposto, garantimos o financiamento, que é o máis importante á hora de levar a cabo calquera proxecto.

A razón pola que os nosos proxectos son a seis ou sete anos vista é porque nós queremos implementar algo no que realmente cremos, é dicir, que non depende dunha única persoa nun momento concreto, senón que nos asegu-

ramos de que os cidadáns obterán o mellor de Europa. Compartimos a xestión, reunímonos cos estados membros, co goberno central e coas rexións. Vostedes saberán mellor ca min como funciona en España, pero, simplemente por mencionar o que facemos en Galicia, hai que dicir que o programa rexional que temos agora para o período 2014-2020 conta con 881 millóns de euros do ERDF-Feder, ademais do diñeiro rexional, público ou privado. Así que contamos con 1,1 millóns que van ser investidos aquí, en Galicia. E isto tan só é o programa rexional, a outra metade será investida a través do goberno central.

¿Que queremos facer? Acabamos de comezar co período de programación 2014-2020, pero hai cousas que xa sabemos que queremos implementar, e imos investir case un 70 % do orzamento en investigación e desenvolvemento. Porque realmente cremos que se investimos en investigación, innovamos, facemos cousas dun xeito diferente, investigamos e atopamos solucións, conseguiremos avanzar. E iso é o que trae riqueza a Europa.

Investimos en pemes xa que son o noso obxectivo principal, non só financeiramente senón porque cremos nelas e, principalmente, porque as pemes son as que crean emprego. Non son grandes empresas, son microempresas, autónomos, empresas medianas, e temos que asegurarnos de apoiar as pequenas empresas durante todo o proceso. Apoiamos a xente moza —por iso compráceme ver xente nova nesta conferencia, logo falarei das vosas opcións, que ademais son moi fáciles de obter—, apoiamos as *startups* e apoiamos a escolarización. Tamén temos o Fondo Social Europeo, que inviste en educación, obradoiros, concienciación sobre o importante que é fomentar o espírito emprendedor... Este é un dos desafíos de Europa, sobre todo se nos comparamos cos EE. UU. Alí, todo o mundo está disposto a facer negocios e converterse na persoa máis rica do mundo, namentres que en Europa o soño é ser funcionario, coma min, que son funcionaria.

Por iso, o espírito emprendedor é tan importante, non só á hora de montar un negocio ou empresa, xa que, desgraciadamente, despois de cinco anos, arredor do 70 % das novas empresas se arruinan, porque o investimento inicial é moi alto. Por iso temos que axudar no seguinte paso, non soamente axudar a montar unha empresa, tamén temos que traballar en termos de seguimento, asesoramento e crecemento. As microempresas son un gran problema en España porque hai moitos autónomos e empresas familiares. Así que, ¿que é o que podemos facer?, ¿existe unha base? Hai que axudar a que as microempresas se convertan en macroempresas, ou as pequenas empresas para que se convertan en empresas medianas; hai que axudar as pemes e as pequenas empresas a entraren nos mercados internacionais. Nós apoiámolas con diñeiro do ERDF-Feder e a través de ICEX, reunimos as empresas rexionais para que poidan saír ao estranxeiro, poidan representarse a si mesmas en África, Asia, Europa do Leste, Rusia..., ou podemos facelo xuntos con todas as empresas españolas.

Tamén investimos en tecnoloxías de comunicación e información, porque a Axenda dixital é un gran desafío e unha grande oportunidade que conduce ao xurdimento de novos negocios dixitais. Hai que cambiar a forma de pensar porque agora todo é dixital, e é algo difícil incluso para min, pero grazas a elas estamos ao corrente de todo o que sucede en Europa. Xorden novos mundos e novas necesidades, por iso sempre fomentamos a apertura de miras e estamos pensando en que máis podemos facer. ¿Podemos facer algo máis que non sexa un negocio dos de sempre?

Debemos estar orgullosos do medio ambiente e do ecosistema que temos en Europa, porque nós, realmente, preocupámonos polo ambiente, preocupámonos polo xeito en que facemos negocios, de como distribuimos a riqueza. ¿Apoiamos a innovación social? ¿Cremos nos individuos? ¿Queremos que todo o mundo estea integrado na sociedade? ¿Pensamos no aire que respiramos ou na comida que comemos? ¿Queremos facer diñeiro soamente ou queremos ser felices? Por todo iso tamén hai que ter sempre en conta a integración social, pensar en todos os individuos dunha sociedade, porque é o que nos fará felices e creará riqueza e un medio sustentable. Temos un obxectivo, o obxectivo da UE está ligado á economía local, e por iso os nosos negocios teñen que se transformar, cambiar ata converterse en algo máis sustentable. Hai que pensar na economía pero sen deixar de ser ecolóxicos.

¿E que máis podo dicir? Estou pensando na xente nova, así que vou dicir algo para eles. Non sei se algunha vez escoitastes falar da Garantía xuvenil. Isto é un paquete preparado especialmente para a xente moza —en España é para todos aqueles menores de 30 anos— e consiste nun financiamento especialmente dedicado á xente moza, no que, segundo a norma, se nun período de catro meses finalizas os estudos, ou incluso se non os finalizas, pero se en catro meses te atopas nunha situación de desemprego, ou o que denominamos *nini*, tes que obter unha oferta de traballo en firme, unha bolsa, formación... Proporcionámosche o que requiras para que en catro meses poidas facer algo de proveito, algo que poida facilitarche actitudes ou destrezas, o que necesites, para que poidas xerar traballo por ti mesmo ou para entrar no mercado e poder conseguir traballo. Podédesvos preguntar: ¿como creo un negocio por min mesmo? Temos un programa chamado «Erasmus para Jóvenes Emprendedores», en inglés *Erasmus for Young Entrepreneurs*, que é unha grande oportunidade, porque o único que hai que facer é enviar o *curriculum vitae* (CV), unha carta de motivación e un plan de negocio moi curto, soamente a explicación da vosa idea ou algo que vos gustaría probar a ver se funciona. Con todo iso só tedes que atopar o contacto do voso país, hai moitos contactos rexionais, así que só tedes que entrar na web de *Erasmus para Jóvenes Emprendedores*, entrades en Galicia, comprobades o contacto da rexión, chamades e dicides: «Xa teño o CV, a carta de motivación e o plan de negocio, ¿podedes atopar un socio para o meu negocio?». E eles buscarán un socio aquí en España ou no estranxeiro, que sería aínda máis interesante, porque quizais o que ti queres facer xa se está a facer no estranxeiro; así que podes

visitar Irlanda ou Suecia para aprender como crear unha escola alternativa ou como facer unha panadería diferente... Así poderás aprender como facer o negocio, o camiño que hai que seguir. O importante non é só o que se fai, tamén como facelo e como facer un negocio dunha maneira máis colaboracionista, ou negocios de economía circular ou innovación social. Deste xeito, ata un máximo de seis meses, pódese ir traballar para esas empresas, converterse nun socio. É un sistema cara a cara no que todo o mundo sabe que o obxectivo é aprender, non copiar. A responsabilidade da empresa é formar as persoas, informallas de todas as cousas boas e malas que ten o seu tipo de empresa. Por suposto, o fondo da UE proporciona un salario. E tras seis meses retornas ao teu país e creas o negocio, polo que xa estarás a xerar emprego para ti mesmo e para a sociedade.

Gustaríame mencionar tamén, aínda que sei que despois poden preguntarme o que queiran, algo que pode ser do voso interese. Estamos preparando un evento sobre economía circular os días 18 e 19 de maio, principalmente o 19, en Zamora. E facémolo para Galicia, traballando con Galicia, Portugal e Castela e León. O evento xirará arredor da investigación do desenvolvemento, as pemes, as tecnoloxías da comunicación e información, a economía local, as enerxías renovables..., é dicir, arredor de todas as nosas prioridades e sobre todo como debemos afrontalas. Por isto, decidimos organizar un evento sobre economía circular, economía colaboracionista, novos modelos económicos, novos modelos para xerar riqueza económica para o ben común. En canto a Galicia, o noso obxectivo é reunir os gobernos, así que a Comisión Europea estará presente, así como os gobernos rexionais. Compraceríame moito se o conselleiro de Facenda ou de Economía da Xunta de Galicia puidera vir, calquera que estea ao cargo do financiamento, porque temos que analizar cales son as novas posibilidades, que tipo de economía, pemes, investigación e innovación podemos levar a cabo. E todo isto está nas nosas mans, porque non é Bruxelas a que decide este tipo de cousas. Así que nos reuniremos cos gobernos rexionais e pensaremos que queremos facer.

Tamén invitaremos empresas ao evento, por exemplo, de Galicia escollemos Prestogal, de Santiago, porque pensamos que é unha plataforma colaboracionista moi interesante que nos gustaría levar a Europa.

Todo o evento poderase ver en *streaming online* en español e inglés, para que todo o mundo poida ver o que facemos e poida saber que está a ocorrer nesta empresa de Santiago, por exemplo, e ademais é gratuito. Poden ver cousas que se poden implementar noutros lugares, os proxectos que aparecerán poden servir de inspiración aos demais.

Tamén seleccionamos Ecocelta, unha empresa de fertilizantes porque é un grande exemplo de economía circular que nos gustaría compartir con outras rexións europeas para ver como podemos facer circular o diñeiro a nivel re-

xional. E tamén seleccionamos outra empresa moi interesante do sector téxtil chamada Xiroeco, que ten unha nova tecnoloxía de lavado de roupa que funciona meténdoa no conxelador —a lavadora pertence ao pasado—. A verdade é que hai moitísimas empresas téxtiles en Galicia e gustaríame levalas a todas pero non é posible.

Tamén teremos micrófonos abertos para que calquera persoa interesada en participar poida dicir o que queira en tres minutos, e así todos colaboramos. As empresas tamén poderán facelo. O sistema que imos usar é moi dinámico: haberá unha exposición e cada empresa contará cun póster e terá tres-catro-cinco minutos para dicir o que queira moi rápido, porque todo xira arredor do *networking*, como captar inversores, como colaborar con outras empresas e chegar a outras empresas, incluso a nivel nacional.

¿E que máis facemos? Hai moitas cousas máis que podería explicar, pero creo que xa estou excedendo o meu tempo de presentación. Así que agradezo ter compartido a miña información con todos vós.

Moitas grazas.

**Miguel Ángel Santalices Vieira**

Grazas, Katerina.

Agora ten a palabra dona Gudrun Mosler, presidenta do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa.

**Gudrun Mosler-Törnström**

Gustaríame agradecerlle ao presidente do Parlamento de Galicia, o Sr. Santalices Vieira, a invitación ao Congreso do Consello de Europa a este evento tan especial que ten lugar no día de hoxe, e aproveito a oportunidade para felicitar a Comunidade Autónoma de Galicia, os membros actuais e anteriores do Parlamento de Galicia e todas as autoridades presentes polo trinta e cinco aniversario desta institución democrática indispensable para representar a poboación galega.

Este aniversario encaixa perfectamente na serie de celebracións que España acollerá no ano 2017. O 24 de novembro, España celebrará o corenta aniversario da adhesión ao Consello de Europa, que naquel momento era o vixésimo membro da nosa organización en defensa da democracia, os dereitos humanos e a lei. (Hoxe o Consello de Europa conta con corenta e sete estados membros).

O 15 de xuño de 1977, España realizou as primeiras eleccións democráticas nas que os españois abriron camiño á democracia, e hoxe, corenta anos máis tarde, sentímonos ledos e orgullosos de celebrar o trinta e cinco aniversario



do Parlamento de Galicia. Corenta anos despois daquelas primeiras eleccións, a democracia está consolidada e os parlamentos rexionais xogan un papel clave a diferentes niveis do marco institucional de corpos representativos de elección directa.

Estou particularmente satisfeita por estar hoxe aquí porque os meus antecedentes políticos pertencen a un Parlamento rexional. En 1999 fun elixida membro do Landtag, que significa Parlamento rexional, da zona de Salzburgo, en Austria, onde servín como presidenta e actualmente como vicepresidenta.

### *O Congreso e a rexionalización en Europa*

No Congreso loitamos pola implementación total do principio de subsidiariedade, que permanece hoxe en día como concepto sólido e moderno. Subsidiariedade significa que os cidadáns se manteñen no centro dos procesos de toma de decisións, e asegura que estas se tomen do xeito máis efectivo e beneficioso posible, e ao nivel apropiado pode atopar solucións satisfactorias a problemas e desafíos de diversa índole. Por conseguinte, os poderes deben distribuírse dun xeito xusto entre todos os niveis do goberno e a lexislación esbozada, así como as políticas implementadas deben seguir o espírito de respecto e compañeirismo. Como saberán, estoume a referir ao que hoxe coñecemos como «goberno multinivel».

Os parlamentos rexionais engaden valor real á democracia xa que lexislan e controlan os gobernos rexionais. Tamén son fundamentais á hora de implementar a lexislación europea nos sistemas legais nacionais. A orixe de moitas leis adoptadas polos parlamentos rexionais ou nacionais radica en tratados internacionais e convencións. Os estándares comúns desenvólvense, despois de moito debate, non só na Unión Europea senón tamén no Consello de Europa. España, por exemplo, ratificou cento trinta das máis de duascenas convencións e tratados do Consello de Europa cuxos estados membros negociaran e acordaran implementar, e moitas delas son relevantes para os parlamentos rexionais.

Como saberán, o Congreso controla o cumprimento da democracia rexional en corenta e sete estados membros do Consello de Europa coas disposicións da Carta europea de autonomía local.

O Congreso redacta informes e recomendacións país por país de maneira regular para envialas aos gobernos concentrándose na Carta europea de autonomía local. Esta carta foi recentemente ratificada polos corenta e sete estados membros do Consello, polo que estamos extremadamente satisfeitos, xa que esta garante os dereitos das comunidades e das súas autoridades locais e, de non estaren especificamente excluídas, rexionais.

O Congreso sempre estivo convencido da necesidade de redactar un texto de natureza similar a nivel rexional, e, de feito, redactou a Carta europea para a



democracia rexional. Non obstante, as condicións políticas dos estados membros non permitiron que se adoptase.

O Congreso é tamén a voz nas preparacións destas convencións das rexións con poderes lexislativos. Congratúlame dicir que o Congreso ten unha sólida tradición cooperativa con Galicia e o seu Parlamento grazas á presidenta da pasada lexislatura, Pilar Rojo Noguera, cando presidiu a Conferencia Europea de Asembleas Lexislativas Rexionais (CALRE, polas súas siglas en inglés). Podo afirmar que estes vínculos foron moi prósperos á hora de promover o parlamentarismo rexional a nivel europeo.

Doce membros dos parlamentos rexionais españois son membros do Congreso. Gustaríame mencionar particularmente o Sr. Pedro Puy Fraga, quen representa o Parlamento de Galicia na Cámara de Rexións.

O Congreso defende incansablemente o autogoberno promovendo os principios de subsidiariedade, proximidade, bo goberno e cidadanía activa. Estamos convencidos de que o autogoberno rexional contribúe aos principios de estabilidade e democracia dentro do mesmo país e tamén no conxunto de Europa. As rexións democráticas fortes contribúen a ter sociedades inclusivas, seguras e xustas. A rexionalización é por tanto unha maneira de mellorar a democracia e a lexitimidade e de dar aos nosos países un punto de apoio máis firme, en particular nun contexto no que a crise financeira e económica dos últimos anos, tanto a nivel nacional como europeo, tivo unha inmensa influencia no exercicio da calidade da democracia rexional.

Un informe recente do Congreso sobre «Tendencias de rexionalización nos estados membros do Consello de Europa» amosaba que o rexionalismo apenas progresara ao longo da última década. Somos conscientes de que a rexionalización é un proceso longo e complexo, normalmente marcado por tendencias de recentralización do poder, o que fai que sexa aínda máis importante que non volvamos atrás, especialmente dada a actual tendencia de recentralización en diversos estados membros do Consello de Europa. Esta tendencia é unha ameaza para os gobernos rexionais en termos de perda de autonomía, incompetencia dos recursos financeiros establecidos e a falta de consulta que isto supón.

Segundo este informe do Congreso, a situación en España é, dalgunha maneira, diferente. Como presidenta do Congreso dou a benvinda e agradezo os éxitos acadados nas rexións españolas. O noso informe amosa que as comunidades autónomas españolas se consideran institucións rexionais reais e eficientes. O grao de descentralización en España creceu progresivamente. As rexións son agora máis responsables do gasto público e teñen máis empregados públicos que a Administración nacional. O sistema de financiamento foi revisado para darlles máis responsabilidades financeiras e autonomía. Con todo, a descentralización segue a ser fonte de enérxicos de-

bates. A rexionalización debe respectar as fronteiras nacionais e non debe verse como un problema ou perigo senón como unha maneira de manter a unidade. A autonomía rexional pode representar unha solución para acadar acordos en conflitos normalmente ligados a factores históricos: os principios da democracia rexional atopan as súas estruturas institucionais máis convincentes en rexións fortes e en rexións cun status especial, tal e como o Congreso reflicte no informe «Autonomía e fronteiras nunha Europa en plena evolución».

No Congreso necesitamos políticos comprometidos e con mentalidade europea que teñan raíces sólidas nas súas respectivas rexións e que sexan próximos aos cidadáns que representan. Así, un organismo de coordinación interna como a Conferencia de Presidentes de Parlamentos Rexionais resulta moi útil á hora de identificar prioridades e desenvolver estratexias para abordar asuntos en Madrid, Viena, Berlín, Roma e tamén en Estrasburgo e Bruxelas. Ademais, os membros rexionais do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais e do Comité de Rexións teñen que xogar un papel realmente importante.

#### *As actividades e prioridades temáticas do Congreso*

Recentemente tivemos que afrontar diversos e sucesivos desafíos: a crise económica, a continua falta de confianza na política e os políticos, a falta de solidariedade na recepción e distribución de refuxiados e emigrantes, o aumento de varias formas de extremismo, nacionalismo e terrorismo. A crise económica, particularmente, e a consecuente diminución de ingresos públicos nas rexións puxeron en perigo a capacidade das rexións de satisfaceren as expectativas dos seus cidadáns e, ademais, exacerbaron o descontento popular.

No cabe dúbida de que os parlamentos rexionais necesitan actuar nestes campos en consonancia e coordinación con outros niveis de goberno.

Un dos retos que afrontamos agora é como prever a corrupción. Gobernos rexionais transparentes e honestos gozarán da confianza da xente, e parlamentos rexionais co seu propio Valedor do Pobo e Tribunal ou Consello de Contas teñen un papel especial no proceso. O Congreso organizou debates e intercambios na administración pública en prol da boa práctica e goberno e do respecto á lei. Unha boa gobernanza política só é posible se a poboación confía nos seus representantes electos ao cen por cento. Polo tanto, nós, como políticos locais e rexionais, debemos actuar como modelos de conduta para a sociedade xeral.

O Congreso traballou amplamente durante os últimos anos para identificar formas de prever a corrupción, principalmente fortalecendo a transparencia e a ética pública. Promovemos marcos de goberno rigorosos e o desenvolvemento de estándares comúns mentres apoiamos o desenvolvemento de fe-

rramentas de e-democracia a nivel rexional e local. Estas ferramentas poden axudar a incrementar a transparencia e mellorar a participación cidadá. Actualmente, estamos a revisar o Código de conduta europeo para a integridade política dos representantes locais e rexionais electos, adoptada polo Congreso en 1999.

O bo goberno continúa a ser un principio democrático fundamental: os procesos de toma de decisións deben ser coñecidos polos cidadáns, e todos os partidos e asociacións deben participar de forma directa na xestión de asuntos públicos para crear unha administración pública eficiente para servir a poboación.

Outro reto que hai que combater é a tendencia ao radicalismo, que conduce ao terrorismo. Con vistas a combater a radicalización e o extremismo violento, o Congreso deseñou unha estratexia tanto para cidades como para rexións. Cooperamos moi de cerca coa Unión Europea nesta causa e creamos as «Directrices para autoridades locais e rexionais para a prevención da radicalización e das manifestacións de odio a nivel de base», e tamén lanzamos a «Alianza europea de cidades contra o extremismo violento» (unha plataforma pensada para intercambiar e facilitar a cooperación para prever a radicalización).

#### *«Contrarrestando o populismo»*

No seu cuarto informe sobre «O estado de democracia, dereitos humanos e leis», titulado «Populismo: ¿como de fortes son os sistemas de control e medida de Europa?», o secretario xeral do Consello de Europa presentou recentemente unha definición de populismo. Está preocupado pola actual tendencia entre os políticos e algúns medios de comunicación de etiquetar cada persoa ou partido político que amose o seu desacordo cos populistas. Esas forzas políticas que proclaman que representan a vontade «do pobo», e o que fan é dismantelar os sistemas de control e medida democrática que se interpoñen no seu camiño, son o verdadeiro problema, e os membros parlamentarios a todos os niveis teñen a responsabilidade de contrarrestar unha retórica que é un perigo real para as nosas tradicións e institucións democráticas.

Nós, no Consello de Europa, queremos facer algo realmente relevante: observar cales son as defensas europeas contra a ameaza populista ás nosas democracias e analizar que poden facer os estados membros xunto coas institucións como o Comité de Ministros, a Asemblea Parlamentaria e o Congreso para contrarrestala. O perigo do populismo emerxe onde as institucións democráticas son febles, onde faltan os dereitos sociais e onde as minorías non foron debidamente integradas. Só os gobernos dos estados membros poden tomar as rendas á hora de solucionar os devanditos problemas. E o Consello de Europa ten o seu papel no apoio destes esforzos seriamente.

¿Que temos sobre a mesa? A Sesión de Ministros de Asuntos Exteriores do Consello de Europa que se celebrará o 19 de maio en Chipre discutirá as accións concretas propostas e que precisan unha nova perspectiva, principalmente:

- Apoiar a integración e as sociedades inclusivas;
- Desafiar o populismo narrativo;
- Protexer a liberdade de expresión e encarar a desinformación (noticias falsas);
- Apoiar a integración de emigrantes e refuxiados;
- Combater os discursos de odio, xenofobia e discriminación.

Gustárame tamén mencionar neste contexto que en 2017 o Foro Mundial pola Democracia, que se celebrará en Estrasburgo do 8 ao 10 de novembro, lanzou a pregunta: «¿É o populismo un problema?», co fin de atopar razóns e solucións a unha aparente desconexión entre os cidadáns e os actores políticos nun mundo no que os medios e os sistemas de comunicación cambian rapidamente e onde as ideas populistas parecen encher con éxito ese baleiro. O Congreso participará neste foro, e espero que haxa unha boa representación da delegación española.

### *Europa e as rexións*

A resposta a todos estes desafíos non pode ser outra que a europea, coa participación dos parlamentos e gobernos rexionais nos procesos de toma de decisións nacionais e europeos. Os parlamentos e os gobernos rexionais teñen que participar activamente neste proceso e na integración europea.

A descentralización, a rexionalización e as estruturas case federais proporcionan diferentes vías para acadar un mesmo destino: o obxectivo final é acercar as estruturas políticas e administrativas aos cidadáns para respectar a súa herdanza e diversidade cultural e para fortalecer unha democracia para todos. Parlamentos rexionais coma o galego teñen un papel importante.

O meu compromiso para e co autogoberno de España non remata hoxe aquí. A final de mes estarei en Bilbao, onde dirixirei a palabra á Asamblea General de la Asociación de Municipios Vascos. Podo asegurar que seguirei irmandando e combinando as forzas de autogoberno non para dividir senón para unir.

A súa maxestade o Rei de España visitou Estrasburgo o pasado xoves 27 de abril de 2017, con ocasión do corenta aniversario da adhesión de España ao Consello de Europa. Tiven o privilexio de o coñecer e escoitar o seu discurso dirixido á Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa. Referiuse aos principios establecidos na Constitución española de 1978: liberdade, igualdade e pluralismo político, confirmando así o compromiso de España con estes valores autenticamente europeos.

A súa maxestade fixo unha declaración que me compracería compartir con-vosco porque é especialmente relevante para os parlamentos nacionais e re-xionais, así como para as deputacións e os concellos. Dixo: «A democracia require a irmandade da emoción, a razón, a confianza, a participación, unha actitude construtiva e un espírito conciliador. Require diálogo sincero e, con-secuentemente, tomar decisións dun xeito responsable». Na miña opinión este tamén pode ser o leitmotiv para un futuro traballo frutífero no Parla-mento de Galicia.

Unha vez máis, moitas grazas por invitar o Congreso do Consello de Europa a formar parte deste evento tan importante, e os meus mellores desexos para o futuro do Parlamento de Galicia.

### **Miguel Ángel Santalices Vieira**

Moitas grazas, Gudrun. Moitas grazas, presidenta.

E, finalmente, intervén don Valeriano Martínez García, conselleiro de Fa-cenda da Xunta de Galicia.

### **Valeriano Martínez García**

Presidente do Parlamento de Galicia, presidenta do Congreso de Autoridades Locais do Consello de Europa, responsable de Desenvolvemento Rexional e Urbano da Comisión Europea, demais autoridades, señoras e señores, gus-taríame agradecer a invitación do Parlamento para participar en nome do Goberno de Galicia nesta xornada e felicitar a Cámara autonómica por estes trinta e cinco primeiros exitosos anos de autogoberno que estamos a celebrar. Unha data que en Galicia celebramos nun momento —que tamén adiantaba o presidente nas súas palabras— con determinados niveis de incertezas e moi decisivos no proxecto europeo, derivadas do que todos coñecemos, como pode ser o *Brexit* ou tamén —xa o avanzaba el tamén nas súas palabras— o que pode ser o resultado da segunda volta das eleccións francesas.

Neste momento decisivo, desde o Goberno reafirmamos a nosa aposta por unha Unión Europea forte e unida, pero tamén hai que dicir que non só caben senón que consideramos que son imprescindibles reformas e renovacións, pero que en ningún modo supoñan a destrución deste proxecto común. Apos-tamos por reforzar a lexitimidade democrática, afondar na cidadanía europea e avanzar nas políticas de solidariedade.

E neste momento o modelo do parlamentarismo desempeña un papel esen-cial. Porque pese a todas as certezas e dificultades, España, no seu conxunto, e Galicia, de maneira moi particular, creo que seguimos sendo pobos moi eu-ropeístas que queremos continuar neste proxecto común, que é unha peza esencial para unha moderna e solidaria Europa.



Desde a entrada de España na Unión, en 1996, Galicia estase beneficiando de maneira moi importante dos recursos comunitarios. Desde entón e ata o actual período, que rematará no 2020 —como vostedes coñecen—, as achegas destinadas a Galicia aproxímanse aos 23.000 millóns de euros en termos de axudas de fondos europeos con finalidade estrutural. Somos conscientes do impacto positivo que achegaron estes fondos comunitarios ao desenvolvemento de Galicia nos últimos tempos. Con estes fondos construímos redes de infraestruturas, xa se avanzaron, pero tamén melloramos en accesibilidade do territorio, apoiamos o noso tecido produtivo, reforzamos a educación e a formación, incentivamos a innovación ou fomentamos o desenvolvemento rural e do noso importante sector pesqueiro.

Nos últimos períodos comunitarios, especialmente desde o ano 2000, en Galicia non só executamos infraestruturas de transporte, senón que potenciamos estruturas e actividades relacionadas sobre todo co I+D+i, establecendo novos mecanismos de transferencia da tecnoloxía, apoiando os servizos das pequenas e medianas empresas, promovendo os obxectivos relacionados coa mellora da competitividade empresarial e asentando as liñas estratéxicas cunha base sólida para afrontar o futuro en mellores condicións.

Os mecanismos de cohesión tiveron tamén un importante efecto panca que propiciou a mobilización de recursos tanto públicos como privados. Por outra banda, os fondos contribuíron á aplicación das prioridades comunitarias en Galicia, como son a política de protección do medio ambiente ou a de igualdade de oportunidades, á que algunha das intervenientes tamén se referiu con anterioridade.

No eido da gobernanza, demos grandes pasos co fomento do paternariado e da participación cidadá, especialmente no proceso de programación dos fondos, a mellora da capacidade institucional para o deseño e aplicación de políticas públicas, a adquisición dunha cultura do seguimento e avaliación das intervencións comunitarias, o fomento da transparencia e o intercambio de boas prácticas, e a mellora dos sistemas de información e difusión das actuacións cofinanciadas con fondos europeos.

En Galicia executamos os fondos dos programas Feder e FSE do anterior período 2007-2013 en liña coa media, e incluso un pouquiño máis, do que sucedeu na Unión Europea, que —como saben— rematamos no ano 2015 con algún traslado ao ano 2016, e de forma eficaz e eficiente, tanto en termos de execución financeira como tamén dos indicadores operativos que miden se de verdade foron logrados aqueles obxectivos que nos marcamos cando no seu momento nos demos os obxectivos para o marco vello, e incluso coas reformas que fomos introducindo. Pero debemos seguir mellorando.

Na procura dunha maior eficacia na xestión destes recursos e para maximizar o seu impacto, en Galicia temos deseñado e aprobado pola autoridade de xes-

tión un novo sistema de xestión e control acorde coas novas exigencias, que neste marco son bastantes diferentes ao que eran no marco anterior ao que me acabo de referir de 2007-2013.

Levaremos a cabo, como non pode ser doutro xeito, un seguimento e unha avaliación continuos dos programas operativos Feder e do FSE. E pretendemos empregar novos mecanismos, como son os instrumentos financeiros, que permiten investimentos con carácter reutilizable, o que multiplica o efecto positivo e o acceso a un maior número de empresas.

Tamén priorizaremos o uso innovador en todos os fondos europeos para servir de panca para a comercialización e implantación de tecnoloxías innovadoras. Porque tomando como base o ditame aprobado polo Comité das Rexións que liderou Galicia «Recomendacións para un mellor gasto», buscamos a máxima eficacia e o maior impacto no emprego dos recursos dos programas operativos. En canto á cantidade, tamén se sinalara que superan os catro mil e algo millóns de euros para este novo período.

Temos aínda por diante sete anos, ata o 2023, para reforzar un novo modelo económico baseado no que tantas veces me teño referido nesta sede como «un crecemento san», cara a un desenvolvemento económico que sexa sustentable, promovendo a creación de emprego, en particular nos sectores de alto valor engadido, e incentivando a mellora da competitividade da nosa economía co apoio das pequenas e medianas empresas. A prioridade é consolidar a plena recuperación económica dos cidadáns de Galicia. Para manter ese crecemento san e sostido estamos a desenvolver o Plan estratéxico 2015-2020, froito do maior proceso de participación da historia autonómica, que foi referendado nesta Cámara hai xusto un ano.

Con esta folla de ruta estamos a impulsar e liderar un proxecto de futuro para afrontar con éxito os novos desafíos de Galicia no ano 2020, partindo dun modelo máis baseado no coñecemento, na sustentabilidade ambiental e na cohesión do noso territorio, que busca —como recordarán— un crecemento sostido ao redor do 2,5 %, pero ao mesmo tempo rebaixar a nosa taxa de paro ao redor do 10 % ao final do período. Ademais, é unha estratexia coherente na liña da programación dos fondos europeos e da Estratexia Europa 2020, do Plan nacional de reformas e das políticas económicas e sociais da Unión Europea do marco financeiro plurianual 2014-2020.

Logo dos dous primeiros anos de vixencia, podemos afirmar que o Plan estratéxico está sendo útil e servindo para cumprir os obxectivos. Tras a crise, Galicia aspira a darlle un pulo tamén á converxencia con Europa. Así, no Plan estratéxico fixamos como obxectivo que o PIB per cápita de Galicia sexa o 88 % da media da Unión Europea no 2020.



Con humildade, temos que recoñecer que falta moito, pero cremos que imos pola senda correcta. Só no 2016 Galicia medrou practicamente o dobre que a media europea. De feito, estamos crescendo ao ritmo máis elevado en nove anos. E Galicia sae da crise económica cunha economía máis moderna pero tamén mellor preparada para afrontar o seu futuro. Durante estes anos mantivemos o peso do sector primario e do sector industria, mentres incrementamos o do sector servizos, á custa, iso si, do necesario e brusco incluso axuste no sector da construción.

Conseguimos un crecemento san para ter unha economía sa. Fuximos, polo tanto, de burbullas, e a nosa aposta é por unha economía máis produtiva e competitiva. Xa no mes de marzo deste 2017 Galicia recuperou os niveis nominais de produto interior bruto precrise, cun trimestre teño que dicir de antelación ao que nós previamos. Estes datos serán confirmados a finais deste mes polo Instituto Galego de Estatística.

En tres anos conseguimos recuperar o PIB perdido nos seis anos anteriores. Por tanto, de seguir con esta evolución prevista, ao longo deste exercicio 2017 pecharemos cun récord absoluto no noso PIB nominal, e incluso chegaremos a superar os 60.000 millóns de euros por primeira vez na historia de Galicia. Pero aínda así queremos e debemos ser prudentes coas nosas estimacións, a pesar de que nesta semana veñen algúns organismos —dous en concreto— avanzando que en Galicia seguimos a medrar en 2017, como así foi no 2016, por riba da media española.

A recuperación dos últimos tres anos non é só de riqueza senón tamén de emprego. Pois xa creamos 40.000 novos postos de traballo a tempo completo e seguimos cunha evolución correcta, como proban os recentes datos coñecidos onte de paro rexistrado. Pero non debemos esquecer que o noso reto é ambicioso, pois aspiramos a medrar entre 80.000 e 100.000 novos postos de traballo ata o 2020. Imos polo camiño correcto pero queda moito por facer.

En definitiva, Galicia sae da crise cunha economía moderna, máis aberta, con mellores servizos, cun sector primario que ten futuro, cunha industria moito máis competitiva, cuns servizos públicos reforzados e cun autogoberno pleno.

E temos que reforzar este modelo propio de crecemento, este crecemento san, para abordar os retos posvinte. E os fondos europeos son unha garantía para fortalecer dous retos principais para a Galicia do futuro. Por unha banda, continuar o que comezamos, é dicir, co esforzo investidor que nos permita consolidar o proceso de converxencia coa media comunitaria que estamos acelerando nestes dous últimos anos. E, por outra, afrontar con maior compromiso, se cabe, un desafío fundamental para todo o continente, e vital para Galicia, como é a corrección da situación demográfica.

Ademais, nun momento no que o debate sobre o futuro de Europa ocupa un lugar protagonista no plano europeo, a política de cohesión é un instrumento único para fortalecer o proxecto europeo e a lexitimidade das institucións, xa que é un dos principais instrumentos de solidariedade a nivel europeo. É a única política europea enfocada no ámbito rexional e local e centrada en acadar a cohesión económica e social. É dicir, en reducir as disparidades socioeconómicas cun efecto anticíclico para estabilizar e estimular o crecemento e superar a crise con investimentos de carácter público.

Ten ademais unha dimensión territorial, pois aproveita ao máximo as fortalezas de cada territorio para contribuír ao desenvolvemento sostible e equilibrado de toda a Unión. Isto permite aplicar medidas que, de conformidade co principio de subsidiariedade, os estados membros, as rexións e os entes locais non poderían acometer sós ou de forma insuficiente. Un exemplo destacado é a cooperación transfronteiriza que temos coa Rexión Norte de Portugal, e que en Galicia coñecemos moi ben, pois levamos cos nosos veciños traballando dende hai máis de vinte e cinco anos.

E quixera, para rematar, felicitar de novo por estes trinta e cinco anos o Parlamento, porque podería dicirse que, xunto co autogoberno do que nos dotou a democracia, ser partícipes activos dos distintos programas da Unión Europea é o outro gran pilar que explica o desenvolvemento de Galicia nas últimas décadas. Isto impúlsanos a seguir neste proxecto común, ademais da necesidade obxectiva de que a Galicia europea que queremos ser e a Galicia europea que podemos ser é aínda unha obra inacabada.

No célebre discurso de Robert Schuman pronunciado en 1950, este dicía que «Europa non se fará dunha vez», e podemos engadir que Galicia como parte de Europa tampouco. É indubidable que hoxe non somos a mesma Galicia que cando entramos na Unión Europea, pero por iso tamén non podemos facer o mesmo, temos outras necesidades, temos outros obxectivos, pero tamén temos outras posibilidades. Agora o noso gran desafío é mellorar a competitividade nunha Europa unida, renovada e solidaria.

Moitas grazas pola invitación e pola súa atención.

**Miguel Ángel Santalices Vieira**

Moitas grazas, conselleiro.

Grazas, Katerina; grazas, presidenta. Quedan aquí moitos temas para debate.

Agradezo moito esta reunión e descansamos dous-tres minutos, porque xa comezamos coa primeira mesa. Temos que ordenar un pouco isto, pero dous-tres minutos, non máis, que imos mal de tempo.

Grazas.

**MESA REDONDA. OS PARLAMENTOS REXIONAIS: ACTORES CLAVE PARA A PROMOCIÓN DA DEMOCRACIA REXIONAL E AS SÚAS INTERACCIÓNS COAS INSTITUCIÓNS DA UE**

**Andreas Kiefer** (moderador)

Secretario xeral do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa

**María Isabel Lirola Delgado**

Profesora titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais acreditada á Cátedra da Universidade de Santiago de Compostela

**José Manuel Sobrino Heredia**

Catedrático de Dereito Internacional Público da Universidade da Coruña. Titular da Cátedra Jean Monet de Dereito Comunitario e director do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga

## Andreas Kiefer)

[...] vimos do mesmo distrito e coñecemos de novo en Europa. Isto amosa que hai unha dimensión fóra de Europa.

Antes de ser elixido secretario xeral do Congreso, fun responsable de Asuntos Europeos do Goberno rexional de Salzburgo e fun responsable tamén da oficina de Bruxelas —creo que logo imos falar dese tema, dos que están representados en Bruxelas, os gobernos rexionais e os parlamentos rexionais—. Fun responsable de cooperación transfronteiriza, establecendo una eurorrexión entre Salzburgo e Baviera. E fun nomeado representante común de Deldenda, que é unha institución de Austria, na que tratamos diversos temas, todas as persoas de *lander*, nomeamos unha persoa a nivel político e técnico, para representar o *lander* ou os novos *länder*. Hai que debater anteriormente antes de ir á capital, e logo temos que ir a Bruxelas, e eu fun o responsable das negociacións e das conferencias intergubernamentais de Amsterdam e de Niza para o Tratado constitutivo, así como tamén, finalmente, para o Tratado de Lisboa. E fun tamén responsable con outro colega doutra rexión para establecer uns mecanismos de monitorización, de subsidiariedade, ou aplicar o Tratado de Lisboa para o *lander* austríaco, e desenvolvemos alí un sistema entre os distintos parlamentos rexionais e os gobernos rexionais. É esta segunda Cámara do segundo Parlamento austríaco, que está composta de membros que son elixidos polos parlamentos rexionais.

Tamén academicamente formo parte do Comité científico do Instituto de Federalismo na Academia Europea de Bolzano, en Italia. Polo tanto, tamén hai un vínculo co mundo académico, porque nunha administración como o Consello de Europea necesitamos o resultado da investigación. Desta maneira, os políticos poden tomar decisións.

Tamén falamos do rol dos parlamentos rexionais, da democracia, da democracia rexional en Europa. E creo que a señora Mosler-Törnström tamén dixo que hai máis que a Unión Europea, hai algo máis. E tamén existe este mundo do Consello de Europa, que, por suposto, tamén ten un impacto nos parlamentos rexionais de España.

Hai moita Europa na lexislación rexional, e a señora Mosler mencionou estas convencións de Europa, que España ratificou, e moitas delas tiveron un impacto nos gobernos rexionais e nos parlamentos rexionais.

Ás veces, se cadra, non son conscientes, pero hai moitos exemplos. A Convención Europea sobre os Dereitos Humanos soa como algo abstracto e afastado, pero, de feito, son responsables, como municipio ou como rexión, dunha clínica psiquiátrica, e hai unha dimensión de dereitos humanos moi forte. Igual que ocorre co Tribunal de Dereitos Humanos, temos identificados sectores onde as rexións son responsables de que o Estado membro sexa fundado en relación con esta carta.

Tamén hai a Convención europea sobre a violencia dos espectadores nos partidos de fútbol, onde se producen os partidos e nas rexións de todo o país. Por suposto, esta é unha responsabilidade das rexións, das comunidades autónomas: o feito de proporcionar seguridade e protección.

Así é que gran parte desta lexislación europea trasládase á lexislación rexional. Isto é o que imos comentar agora. Os parlamentos rexionais son coñecedores e son capaces de manexar eses aspectos. E ¿como se refiren a estes?, ¿como afronta estes problemas a poboación?

Eu diría que nesta última década, estes últimos vinte anos, vimos un cambio de paradigma: a política europea xa non é un monopolio dos ministerios de Asuntos Exteriores. Os asuntos exteriores convertéronse en política nacional europea, e pódese ver que a través da introdución das secretarías de Asuntos Europeos, e mesmo cambiando os nomes, como en Austria, onde o Ministerio de Asuntos Exteriores se chama agora o Ministerio de Asuntos Europeos e Internacionais. Así que os asuntos europeos son política agora nacional.

Tamén se estableceron oficinas en Bruxelas, por exemplo. Os gobernos nacionais aceptaron esta nova formulación e esta erosión do seu monopolio na representación do Estado fronte ao mundo.

Hai unha maneira adicional de acción nas rexións, pero non vemos un novo monopolio de executivos nacionais a nivel europeo. Hai marxe para os parlamentos europeos nas negociacións, onde hai que tomar decisións rápidas e onde se fai un seguimento das negociacións, e hai negociacións con diversos socios.

Así que isto é algo que nos gustaría comentar para ver o que pensan sobre isto. O Parlamento rexional está involucrado, e gustaríame escoitar as achegas doutros organismos, como se achegan a isto os parlamentos rexionais e como manexan respecto dos gobernos nacionais.

Gustaríame invitar os dous representantes académicos neste panel a comezar as súas presentacións, e gustaríame limitalas a dez minutos, para darlles a oportunidade de debater máis tarde.

Imos comezar pola profesora María Isabel Lirola, da Universidade de Santiago de Compostela.

### **María Isabel Lirola Delgado**

En primeiro lugar, gustaríame dar as grazas ao Parlamento de Galicia, na figura do seu presidente, pola invitación a participar neste acto ao Sistema universitario de Galicia, en concreto, á Universidade de Santiago, no marco deste debate e que se conte tamén cos membros da universidade. E gustaríame sau-

dar os membros do Parlamento de Galicia presentes e tamén a todas as señoras e señores, algúns ben coñecidos e ex-estudantes na Universidade de Santiago, así como tamén algúns colegas da propia universidade que nos acompañan hoxe. Tamén me gustaría manifestar a honra de compartir este panel cun académico da relevancia europea e internacional do profesor José Manuel Sobrino.

Dito isto, e no marco do que se formulou como un debate, a min gustaríame, en primeiro lugar, reafirmar e unir-me ás formulacións que dende o principio se fixeron ao longo desta sesión, que ten como un dos seus eixes principais reafirmar o papel dos parlamentos rexionais na democracia en Europa. Democracia que aparece —como xa se sinalou— como un dos valores e principios de funcionamento principais do Consello de Europa e da Unión Europea. E no caso da Unión Europea, se facemos unha lectura global das disposicións do Tratado, sobre todo do artigo 10, que establece o principio da democracia representativa e participativa como un dos principios do funcionamento da Unión Europea, pois non hai dúbida de que a participación dos parlamentos rexionais vén confirmar esa dimensión e ademais engadir unha dimensión que xa se sinalou de «democracia de proximidade», na que as decisións son adoptadas nas instancias máis próximas aos cidadáns.

Ademais, como tamén se sinalou aquí —e aínda que xa se dixo hai que insistir—, todas estas formulacións son particularmente necesarias e oportunas no momento actual en que se atopa a Unión Europea, o proceso de integración europeo e Europa en xeral.

Xa se advertiu dos riscos dos populismos. Eu xa non vou entrar aquí, pero si dunha maneira moi resumida debemos falar da situación que xerou todo isto; entre outras razóns, a resaca da crise, as consecuencias económicas e sociais que tivo nas sociedades europeas, así como tamén a percepción por parte dos cidadáns europeos de que a Unión Europea non é quen de dar, pese a todo, respostas aos grandes retos dende o punto de vista económico e social que suscita a globalización, e mesmo ás incertezas do panorama internacional aos desprazamentos forzosos de persoas que foxen de situacións de conflito armado e as crises migratorias e mais as propias ameazas do terrorismo fundamentalista.

Por todas estas razóns, creo que hai que insistir, porque a participación dos parlamentos rexionais achega —como tamén se sinalou— un contrapeso ás tendencias ás que conduciu sobre todo a reorganización da Comunidade Económica Europea, a ese centralismo, e, á súa vez, a ese peso da intergubernabilidade na toma de decisións. Por iso creo que todos compartimos isto, e eu polo menos adhirome completamente ás formulacións que ata agora se expuxeron, e como sinalou o moderador agora hai que dar un paso máis.

Pero, ¿cales son as canles e as vías que teñen os parlamentos rexionais para participar no sistema de gobernanza multinivel da Unión Europea?, ¿como



están a funcionar? e ¿cal é o papel real que asignan aos parlamentos rexionais?

En relación con isto, eu creo que hai un elemento que resume esta situación, que é a intermediación. Os parlamentos rexionais non teñen un acceso directo, non son interlocutores directamente das institucións da Unión Europea, senón que se produce a través da intermediación, sexa dos parlamentos nacionais, sexa mesmo dos propios executivos nacionais, centrais ou autonómicos.

É certo que isto é unha cuestión que depende da estrutura constitucional de cada Estado membro. Hai estados membros nos que se permite unha liña máis directa coas institucións, pero, en liñas xerais, o que caracteriza o sistema sería a intermediación, e isto vai resituarse a situación nuns determinados termos. Se cadra, o elemento que nos debe ilustrar dunha maneira máis clara é o que podemos chamar o buque insignia da participación dos parlamentos rexionais no sistema decisorio da Unión Europea, que é a participación no control do principio de subsidiariedade a través dese mecanismo de alerta temperá, que permite o control da conformidade das propostas legislativas procedentes da Unión Europea, co respecto aos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade.

Falar nesta casa deste sistema prodúcese un pouco de reparo, porque aquí hai persoas que son realmente especialistas. Pero podemos sinalar de forma moi xeral que todas as propostas legislativas que proveñen das institucións da Unión Europea, especialmente da Comisión, son enviadas aos parlamentos nacionais para que estes se pronuncien nun prazo de oito semanas sobre a conformidade das propostas cos principios de subsidiariedade e proporcionalidade, consultando cando proceda os parlamentos rexionais. E aquí é onde interveñen realmente os parlamentos rexionais e onde se abre paso a un escenario distinto de articulación desa participación, que, por exemplo, no caso de España —como é ben sabido— é a Comisión Mixta para Asuntos da Unión Europea á que lle procede enviar todas estas propostas aos parlamentos rexionais, para que estes se pronuncien no prazo de catro semanas.

Non insisto moito no procedemento, porque —todo hai que dicilo— o Parlamento de Galicia é un dos parlamentos, a nivel de España, que de forma máis regular actúa. De feito, nun exame que fixen, por curiosidade, de cal fora a participación do Parlamento de Galicia no control da subsidiariedade nos últimos anos, observei que, efectivamente, o Parlamento de Galicia é un dos parlamentos no contexto do Estado español que manda informes sobre o principio da conformidade co principio de subsidiariedade. Pero, en todo caso, é un sistema. Se en concreto nos centramos no español, que se é xeneroso porque a Comisión Mixta envía todas as propostas legislativas sen discriminar en canto a se son de competencia autonómica ou non aos



parlamentos rexionais, o informe ou o ditame que estes emiten non ten un carácter vinculante.

Así é que este é un sistema que leva funcionando dende hai seis anos, dende a entrada en vigor do Tratado de Lisboa. ¿E cal sería o balance que podemos facer? Pois o balance é que hai un entusiasmo inicial, unha conformidade do establecemento de marcos normativos —por exemplo, no caso de Galicia, ante a falta de previsión estatutaria, a través dun acordo da Mesa do Parlamento de Galicia—; ante un entusiasmo inicial produciuse ou estamos agora ante unha situación dunha certa fatiga neste punto, que vén suscitada por varias razóns:

En primeiro lugar, porque —como subliñei— a intervención supón un esforzo grande para os parlamentos rexionais. Supoño que nesta casa será ben coñecido este feito. Os prazos son limitados, e supón un esforzo persoal e de recursos. Un esforzo que non se ve excesivamente compensado dende o punto de vista da rendibilidade política, porque os cidadáns non teñen tanta percepción acerca da importancia que ten esta intervención e mesmo porque se podería facer como instancia, que ás veces é un freo, de que a intervención podería entenderse como unha lectura negativa no proceso legislativo da Unión Europea.

Por todas estas razóns, hai unha certa fatiga, ao que se une que dende a presentación do paquete da Comisión Europea actual de Lexislar mellor pois se envían menos propostas legislativas. Daquela, un sistema que pasa pola intermediación dos parlamentos, basicamente dos parlamentos nacionais, é un sistema no que a participación ten unicamente un valor non vinculante, por resumir.

¿Que perspectivas de futuro hai para utilizar estes tres minutos que me quedan agora?, ¿vai cambiar esta situación? Ben, vai cambiar esta situación no momento en que nos atopamos *post-Brexit*, no que o propio Libro branco sobre o futuro da Unión Europea formula a necesidade de cambios. Cambios que se poden traducir en cambios na estrutura institucional que agora temos ou cambios que se poden traducir en intentar mellorar o que temos.

E a lectura que eu fixen de tres documentos que eu utilicei para tomar o pulso a cal é a situación neste momento admite dúas lecturas: unha lectura positiva e unha lectura que vou cualificar de menos *halagueña*, no sentido de non formular grandes cambios respecto do que hai. Porque nin no Libro branco sobre o futuro da Unión Europea nin tampouco na Declaración do 27 de marzo último de 2017 con ocasión do Tratado de Roma aparece en ningún momento a referencia aos parlamentos rexionais. Si, fálase no libro branco dese debate que vai haber nos próximos meses, no que van participar os parlamentos nacionais e as autoridades rexionais, pero non se fala de parlamentos rexionais.

E serían moi interesantes algunhas ideas que dan tamén dúas resolucións moi significativas do Parlamento Europeo de febreiro deste ano 2017, sobre cambios na estrutura institucional na Unión Europea e sobre a mellora da eficacia da actual estrutura internacional da Unión Europea. Na primeira soamente se albisca reforzamento do papel dos parlamentos nacionais, incluso en ideas interesantes como incluír xunto á tarxeta amarela e vermella algo que xa está, e hai un proxecto piloto: unha tarxeta verde, que os parlamentos nacionais puidesen presentar propostas lexislativas, ou mesmo a posibilidade de que nas composicións do Consello haxa representantes dos parlamentos nacionais.

Se vostedes fan a lectura de que ao falarmos de parlamentos nacionais estamos falando tamén de parlamentos rexionais e de que dependerá de cada Estado utilizar esas vías para, consonte os seus respectivos marcos constitucionais, aumentar o papel dos parlamentos rexionais, pois estamos ante unha perspectiva positiva e que abre novas canles. Se entendemos que soamente estamos falando de parlamentos nacionais, pois daquela a situación non presenta grandes cambios respecto do que hai actualmente.

Moitas grazas pola vosa atención. Quedáronme moitas cousas que me gustaría comentar, pero eu espero que saian no debate.

**Andreas Kiefer**

Moitas grazas, profesora Lirola.

Síntoo, porque imos un pouco mal de tempo. Así que vou propoñer recortar a pausa do café para poder ter un debate, porque penso que temos moito que debater. Hai exemplos doutros países. En Bélxica os parlamentos rexionais son parlamentos nacionais; xa saben o do CETA. Polo tanto, existe unha definición con respecto ao que acontece no interior dos países.

Penso que deberíamos ver a posibilidade da participación no Consello de Europa. Existen dous mundos: o Consello de Europa de 1949 e a Unión Europea de 1957. Temos corenta e sete estados membros e vinte e oito na Unión Europea. As convencións do Consello de Europa son negociadas e despois teñen que ser ratificadas para poder entrar en vigor. E hai mecanismos de monitoreo; hai un tribunal e unha carta, que é a Carta de dereitos humanos de Europa. E na nosa Unión Europea existen as directivas, que ou se aplican de xeito inmediato ou teñen que ser traspostas dentro dun período de tempo. E se iso non sucede, o Tribunal de Luxemburgo actúa. Polo tanto, hai un marco xurídico completamente diferente, que reflicte a posibilidade de influír nos diferentes procesos.

A participación rexional que nos parece máis efectiva é a nivel nacional. Os gobernos e os parlamentos rexionais teñen máis éxito se poden establecer

consultas funcionais, sexa de xeito obrigatorio ou non obrigatorio, para a preparación das posicións nacionais nos diferentes organismos, que son o Consello de Europa e o Parlamento Europeo. Isto é moito máis efectivo naqueles países nos que as rexións están ben coordinadas. E estes representantes rexionais coordínanse, primeiramente, entre eles e despois preséntanse ao Congreso, e así despois poden representar perante os organismos europeos, sexa a Asemblea Parlamentaria ou o Consello de Europa.

En moitos países existe a posibilidade de incluír políticos ou funcionarios rexionais nas delegacións nacionais ante Bruxelas e Estrasburgo. Algúns países non utilizan esta figura de representantes, e penso que este é o xeito máis adecuado para organizarse de maneira máis efectiva. Logo temos o Comité das Rexións da Unión Europea, o CPLRE, etc. Son complementarios como organismos e poden reflectir o que deberían estar a facer os estados membros dende o punto de vista das rexións e as autoridades rexionais. Estes organismos non nos hai que deixar de lado, porque demostraron ser máis eficaces se existen estruturas de implicación nacionais tanto para gobernos como para parlamentos.

Finalmente, hai unha serie de redes e asociacións rexionais a nivel europeo, unha delas é a CALRE, a Conferencia de Parlamentos Rexionais, que tivo unha presidenta galega, que une os presidentes de setenta e catro parlamentos rexionais con poderes lexislativos, e a Asemblea de Rexións Europeas, que tamén se escoita a súa voz en Bruxelas, pero a presión política ten que vir dende o esquema nacional.

Imos pasar agora ao segundo relator, José Manuel Sobrino, da Universidade da Coruña.

### **José Manuel Sobrino Heredia**

Bos días a todos.

Agradecerlle á institución que nos acolle a posibilidade de eu poder compartir con todos vostedes uns minutos consagrados á Unión Europea e á presenza dos parlamentos rexionais nesta organización internacional, así como ao reforzamento, a través desta presenza, da democracia en Europa.

A min correspóndeme falar despois da miña compañeira Isabel Lirola, quen lles fixo unha excelente presentación indicándonos o punto clave da situación dos parlamentos rexionais, que é a intermediación, que é o nivel no que hai outro nivel para chegar a outro nivel. Pois ben, eu nos dez minutos que teño vou intentar na primeira parte da miña exposición facer unha referencia á presenza das rexións na construción europea, vou xeneralizar un pouco máis e ver como irrompe o principio de subsidiariedade. E na segunda parte vou ver os mecanismos de control *ex-antes* que acaba de explicar a profesora Li-

rola pola vía do mecanismo da alerta temperá. E despois centrareime un pouco máis —porque aínda non se evocou— no que é o control por parte do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do principio de subsidiariedade e a posibilidade que teñen os parlamentos rexionais de acceder a estes procedementos.

Unhas breves consideracións xerais. Todos coñecemos e observamos como a evolución da sociedade internacional permitiu a presenza das rexións na vida internacional e vemos tamén, sobre todo, como no proceso de construción da Unión Europea esta presenza se fixo moito máis activa. ¿Como? A través de abrir o diálogo político e xurídico que ten lugar no seu seo non só aos interlocutores Estado-institucións, senón a outros actores, aos cidadáns e tamén —claro está— aos parlamentos autonómicos, aos parlamentos rexionais, ás autoridades rexionais e ás autoridades locais.

Ao facer isto, introduciuse na construción europea un elemento novo de gobernanza, iso que xa se evocou aquí: a gobernanza multinivel. Neste proceso intervén España, e España tivo que prepararse para iso. ¿Como o fixo? Pois, fundamentalmente, establecendo un mecanismo, un modelo de colaboración entre o Goberno central e os gobernos autonómicos, que permite aos gobernos autonómicos interviren na formación da vontade do Estado español no marco do proceso de creación de normas europeas. Pero tamén permitindo aos entes subestatais interviren no proceso de aplicación do dereito da Unión Europea. Para iso tamén foi necesario que se facilite aos entes subestatais españois, ás comunidades autónomas, pero tamén ás corporacións locais, o acceso a institucións, a órganos, a procedementos que se desenvolven no marco da Unión Europea.

E estas posibilidades incrementáronse tras o Tratado de Lisboa. Vou enunciar moi brevemente —porque non teño tempo e non o podo desenvolver— algunhas disposicións onde se fortalece a presenza dos entes subestatais. Por exemplo, o artigo 3.3, cando se introduce xunto á cohesión económica e social a cohesión territorial; ou o artigo 4.2, cando se fai referencia respecto da autonomía local e rexional; ou logo cando se consagra o principio de atribución de competencias, a distribución destas competencias tamén ten un impacto importante sobre as rexións; ou a corroboración de que a representación dun Estado nun dos órganos fundamentais á hora de elaborar a lexislación europea, que é o Consello de Ministros da Unión Europea, pode estar asumida por un ministro rexional, e fundamentalmente a través da afirmación e o desenvolvemento do principio —que xa se evocou aquí varias veces— de subsidiariedade.

¿E que importancia ten isto respecto dos entes rexionais? Pois, en primeiro lugar, porque se estende o xogo deste principio a outras colectividades territoriais que non son os estados e porque se abre potencialmente a porta a que os parlamentos rexionais —como se evocou aquí hai un momento—

poidan intervir nun control *ex-antes*, a través do mecanismo da alerta temperá, no control do principio de subsidiariedade. A implicación dos parlamentos rexionais no funcionamento da Unión Europea é unha iniciativa que, con independencia de se está a dar os resultados que se esperaban ou non, vai na liña do fortalecemento —penso eu— da lexitimidade democrática.

Polo que respecta á presenza das rexións na construción europea, hai que partir dun punto base: é unha revolución. É unha revolución porque se vos tedes collen as trescentas cincuenta organizacións internacionais que hai no mundo, que eu saiba só hai tres organizacións onde están representadas as rexións —refírome a organizacións das características parecidas á Unión Europea—: en primeiro lugar, a Unión Europea; en segundo lugar, Mercosur; e, en terceiro lugar, a Comunidade Andina. ¿E por que? Pois porque as organizacións internacionais están construídas por estados, son asociacións voluntarias de estados; xa que logo, son os estados os suxeitos per se destas organizacións internacionais.

Pero, por outro lado, —e é o que se aproveita na Unión Europea— en todos os tratados constitutivos das organizacións internacionais hai unha cláusula de autonomía institucional: o que ocorre dentro do Estado non é un problema do ordenamento xurídico da organización. Así que se o Estado quere dar presenza a entes de dentro da súa organización político-administrativa na organización internacional non é un problema da organización, sempre e cando se cumpra co dereito da dita organización.

Pois ben, isto aproveitouse dunha forma moi importante dentro da Unión Europea, e isto permitiu que os entes subestatais europeos estean presentes na elaboración das normas internacionais, coas súas limitacións —como se dixo agora—, pero tamén na aplicación das normas europeas.

E na aplicación das normas europeas pois é importantísimo. As estatísticas dinnos que aproximadamente o 70 % da lexislación europea se aplica polos entes subestatais europeos. Loxicamente, estes entes teñen un interese en intervir en todas as fases do proceso de integración, e non só intervir na elaboración, senón tamén intervir no control do que se elaborou ou do que se está a elaborar. E para iso hai dous mecanismos: un, que xa se explicou aquí e que vostedes os membros deste Parlamento o están utilizando, que é a vía da alerta temperá, o control *ex-antes*; pero tamén hai outro control —e con iso vou rematar, señor moderador—, que é o control *ex-post*.

É dicir, cando a pesar de todo se adoptou unha norma que, segundo o Parlamento nacional español, que segundo os parlamentos rexionais, está viciada desde o punto de vista que infrinxe o principio de subsidiariedade, ¿que pode ocorrer? Pois o artigo 6.2 do protocolo que aquí se mencionou sobre o principio de subsidiariedade dá a posibilidade ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea de controlar este acto pola vía do artigo 263. ¿E como se fai? O Estado



de motu proprio, ou ben por solicitude do Parlamento nacional, vai presentar un recurso perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Os parlamentos rexionais non teñen este acceso directo, os parlamentos rexionais —volvo ao que dicía a miña compañeira Isabel Lirola— sofren da pena da intermediación, e terán que ir a través do Parlamento nacional, etc., ata lograr o acceso perante o Tribunal de Xustiza.

E unha vez presentado o recurso, ¿que pasa? Pois vemos —e xa remato— que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea admite os recursos de control da legalidade dos actos que están presentando os estados membros da Unión Europea, contratos das institucións europeas, admíteos, pero, polo momento, non anulou ningún destes actos. Porque —e isto hai que dicilo— o Tribunal de Xustiza ten unha tendencia a fortalecer o papel das institucións europeas e dálles unha gran discrecionalidade a estas, de maneira que abonda con que as institucións europeas digan que utilizaron o test da subsidiariedade para que o recurso ben admitido non prospere. E isto é o que vén ocorrendo ata agora.

Esta é unha vía. E despois a seguinte vía tamén é unha vía difícil para as comunidades autónomas, para os entes subestatais, que é intentar introducir un recurso de anulación ou de omisión, ou presentarse nun recurso de casación como parte principal ou como coadxuvante, polas dificultades que hai de demostrar que hai unha afección directa individual, desde o momento en que as comunidades autónomas e os entes rexionais representan un interese público e non van ter unha afectación individual.

Moitas grazas.

**Andreas Kiefer**

Moitas grazas, profesor Sobrino.

Gustaríame invitalos a vostedes a que organicen comentarios ou que fagan preguntas a ambos os expertos, ou ben a min mesmo, como vostedes desexen.

Vimos que existe o potencial de que as rexións exerzan unha influencia antes da adopción da lexislación europea, segundo o mecanismo de control de subsidiariedade, e durante os procesos lexislativos existen estruturas dentro deses gobernos nacionais e tamén durante a fase *ex-post*.

Polo tanto, os parlamentos rexionais son capaces de desempeñar un papel neste proceso, e non deberían considerar o seu papel non só como executivo, coma os gobernos, senón que deberían reconsiderar as súas obrigas e dereitos, utilizando sistemas como mocións, conferencias, vistas. Isto é: votar aquelas prioridades que forman parte das directivas e, asemade, avaliar a implemen-



tación destas directivas e debater que cambios deberían introducirse nestas prioridades. É dicir, facer como unha especie de escrutinio no traballo dos gobernos. Penso que os parlamentos rexionais tamén deberían establecer, por exemplo, conferencias de presidentes de parlamentos rexionais sobre temas europeos. Así mesmo, tamén existe unha Rede de presidentes de comités de parlamentos rexionais con poderes legislativos, que non funcionou moi ben polo momento, pero que si que existiu un intento de definir o papel dos parlamentos rexionais dentro deste proceso de construción europea.

Tamén me interesaría escoitar as súas opinións sobre que se podería facer, que poderían facer os parlamentos rexionais, e tamén para atopar un equilibrio entre a abordaxe dos executivos, que me parece que dominan a política europea. Creo que isto está claro para todos. Europa ten ese claro enfoque executivo nas súas políticas. Xa que logo, os gobernos séntense tentados para seguir unha política impulsada polo financiamento; é dicir, pregúntanse onde existe diñeiro, imos facer esta política.

Pero penso que a abordaxe podería ser diferente se houberse máis tempo. Poderíanse establecer estratexias para o desenvolvemento rexional e buscar, en primeiro lugar, a política e logo o financiamento para esa política; pensar primeiro cara a onde nos queremos dirixir e logo buscar as maneiras de chegar a través do financiamento, que, por certo, creo que é algo que apoia moitísimo a Comisión Europea, pero tamén é un proceso de aprendizaxe a nivel rexional.

Polo tanto, gustaríame abrir o debate ao público para as súas preguntas ou comentarios.

¿Non hai ningunha?

### **María Isabel Lirola Delgado**

Entre tanto, eu creo que hai dúas ideas moi importantes que comentou o moderador e que, dalgunha forma, minoran un pouco esta visión que se pode ter dado da actividade por parte dos parlamentos rexionais, pero o sistema aínda se podería mellorar. Pero unha idea importante á que se facía alusión é que todo isto deu lugar a unha intensificación da cooperación interrexional, tanto no plano europeo —como comentabas— a través da Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas, a CALRE, como no propio ámbito español, no marco da Conferencia de Presidentes Autonómicos, que se está xerando toda unha serie de mecanismos, de intercambio, de guías, boas prácticas, establecemento de redes e de plataformas electrónicas a través das cales se articula todo este intercambio de información.

E outra idea —eu creo que tamén é moi interesante e que quizais haxa que destacar— é o papel —xa o comentaban o profesor Sobrino e o propio modera-

dor— importante na implementación do dereito da Unión Europea, e como incluso a participación dos parlamentos rexionais pode empezar antes do propio control do principio de subsidiariedade. Pode empezar na fase consultiva, antes da redacción da proposta lexislativa que leva a cabo a Comisión Europea, que xa hai algunhas canles que están abertas para a participación de todas as partes interesadas, pero que quizais aí se podería traballar un pouco máis para establecer canles específicas para os parlamentos rexionais. Mesmo tamén porque no marco dese paquete de Lexislar mellor, pois unha das cuestións que xa a Comisión Europea está facendo é proporcionar guías e plans de implementación, porque —como efectivamente se insistiu— os parlamentos rexionais teñen un papel fundamental na execución e na aplicación do dereito da Unión Europea.

Entón, efectivamente, aínda se pode avanzar moito, incluso no sistema actual, nos mecanismos de mellora de participación e mesmo a través do reforzamento de toda esa estrutura de cooperación interparlamentaria. E como xa se dixo co apoio que desempeña hoxe en día o Comité das Rexións, como órgano da Unión Europea no que tamén se apoia o control do principio de subsidiariedade e se apoia o papel dos parlamentos rexionais.

**Andreas Kiefer**

Moitas grazas.

Profesor Sobrino, ¿algún comentario?

**José Manuel Sobrino Heredia**

Brevemente, hai que dicir que a integración do mundo subestatal na Unión Europea, a pesar de que estamos dentro dun Parlamento rexional, non só se fai a través dos parlamentos rexionais, o que ocorre normalmente é que son os executivos rexionais os que interveñen con maior intensidade. Todo o proceso de elaboración do dereito europeo está *truffé* de comités e comisións. Destas hai máis de catrocentas, e en moitas delas hai presenza de membros das administracións das comunidades autónomas e das outras organizacións rexionais europeas. Por tanto, nese proceso de elaboración de normas xa hai persoas das administracións autonómicas.

**Andreas Kiefer**

Moitas grazas.

Gustaríame compartir tamén unha experiencia de Austria, de como funciona en Austria.

Como vostede dixo, profesor, non só é o problema lexislativo da Comisión o que nos achega á posibilidade de empezar a explorar cales son as prioridades,

temos outros procesos de consulta, temos libros brancos. A Comisión xa se está a preguntar se non existe un problema que deba ser resolto por medio da lexislación europea. E aí é onde necesitan vostedes as súas antenas en Bruxelas —por así dicilo—, e esas antenas teñen que estar ben afinadas, ben vinculadas con outras oficinas rexionais.

Existe un espírito de equipo excelente nestas oficinas rexionais en Bruxelas, con algunhas excepcións, claro, pero están dirixidas polos executivos, é dicir, non hai tantos representantes dos parlamentos rexionais e non hai moitos representantes de parlamentos nacionais na representación permanente dos estados membros. Existen algúns, e iso hai que velo no desenvolvemento da subsidiariedade e do mecanismo de control proporcional dos parlamentos nacionais.

Polo tanto, cada mes de xaneiro os expertos dos distintos parlamentos rexionais austríacos invitan os parlamentos rexionais e os directores dos parlamentos nacionais, especialmente o Consello Federal, que é a segunda cámara, a Cámara rexional, para que avalíen cales son os proxectos legais da Comisión Europea que son relevantes para as rexións austríacas, en termos de lexislación e tamén en termos de implementación.

Polo tanto, por exemplo, deses sesenta ou cincuenta proxectos hai oito que son moi relevantes para nós. A continuación, póñense de acordo e din: unha rexión vaise ocupar deste proxecto, outra rexión destoutro, de maneira que reparten as responsabilidades, e así pasan todos os pasos do proceso. Cada vez que sae un documento novo manteñen esas antenas conectadas e coordínanse entre elas. Sempre que se está a un paso entre a Comisión e os estados membros, entre a Comisión e o Parlamento Europeo, o Consello e o Parlamento, ou o Comité das Rexións, hai unha rexión que é a responsable de compartir o arquivo con outras. Desta maneira flúe a comunicación entre o proceso nacional. Non sempre ten éxito, pero case sempre si, porque se un segue dúas rutas —os gobernos rexionais e a segunda Cámara do Parlamento austríaco— é moito máis efectivo para que se escoiten as opinións das rexións.

Como vexo que non hai desexo de facer preguntas, simplemente vou agradecerlles a súa participación, e no nome do anfitrión convidalos a tomar un café.

Grazas.

**MESA REDONDA: GALICIA NA UNIÓN EUROPEA, EUROPA NO PARLAMENTO DE GALICIA. O REFORZAMENTO DEMOCRÁTICO DA UE, A DIMENSIÓN PARLAMENTARIA REXIONAL NA CONSTRUCIÓN EUROPEA**

**Susana López Carbia** (moderadora)

Xornalista da TVG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do Grupo Parlamentario do BNG

**Xoquín Fernández Leiceaga**

Portavoz do Grupo Parlamentario do PSOE

**Luís Villares Naveira**

Portavoz do Grupo Parlamentario En Marea

**Pedro Puy Fraga**

Portavoz do Grupo Parlamentario do PP

## Susana López Carbia

Creo que xa podemos empezar.

Ante todo, moi bos días.

Moitas grazas a todos e a todas por acompañarnos hoxe.

Grazas tamén —unha vez máis teño que dicilo— ao Parlamento de Galicia por darnos a oportunidade de falar de Europa —este ano estamos falando moito de Europa— e por permitirnos tamén escoitar falar de Europa á xente que sabe ben como funciona. Eu estou aprendendo moito, de verdade, do funcionamento das institucións europeas.

Ben, case sesenta anos despois do asinamento do Tratado de Roma —celebrámolo hai moi pouquiño—, trinta e dous anos despois da adhesión de España á Comunidade Económica Europea, estamos —como saben todos— nun momento de fondísimo debate, nun momento case que de crise existencial, preguntándonos que é neste momento a Unión Europea e como debe ser de cara ao futuro. E como cidadáns, como galegos, aproveitamos tamén este altoparlante que nos dá o Parlamento de Galicia, que cumpre trinta e cinco anos —unha idade estupenda, ¡xa me gustaría a min volver a ela!—, para facernos esas preguntas en voz alta. Pois, por exemplo: ¿pagou a pena este camiño andado? ¿O ingreso no club comunitario foi un bo negocio para Galicia? ¿Foi-nos ben? ¿Tería sido mellor fóra deste gran grupo que é a Unión Europea? ¿Ten volta atrás este proceso? Esta é outra pregunta que nos facemos agora. Durante moito tempo pensamos que non, que era imposible desandar ese camiño andado, pero neste momento, con tantos problemas, con tantos desafíos, con tantas incertezas, vemos que cada vez hai máis voces que apostan por ir noutra dirección, por seguir outro camiño, dentro da Unión Europea ou mesmo fóra da Unión Europea, como estamos vendo.

O futuro da Unión é incerto —como sabemos todos— porque hai moitas fronteas abertas. De moitas delas, de case todas, xa se falou aquí durante toda a mañá: o *Brexit*, que non sabemos moi ben como vai ir —é algo que ata o de agora non vivimos e que tamén presenta moitas incertezas—; ese aumento do sentimento eurófobo, tamén dos euroescépticos, dos eurodesencantados, que se expresan a través de partidos novos ou non tan novos; está a hostilidade amosada cara á Unión Europea pola Administración Trump nos Estados Unidos —da que tamén temos que estar moi pendentes—; está o drama dos refuxiados, ao que non lle sabemos dar resposta, e aí non estamos sendo eficaces; está o debate sobre a seguridade, a defensa fronte ao terrorismo global; está a demanda dunha Europa máis social. En fin, moitas fronteas abertas sobre as que hai que traballar.

E estamos en ano de eleccións. Digo eu que falamos de Europa porque estamos efectivamente moi pendentes do que pasa nos estados membros. O do-

mingo, a segunda volta das presidenciais francesas, despois vén Holanda, o Reino Unido, Alemaña... En fin, un ano moi intenso na Unión Europea.

A gran pregunta é: ¿como facemos unha mellor Unión Europea, que lles dea o mellor de si mesma aos cidadáns, e se dalgunha maneira podemos conseguir que eses retos, ou algúns deses retos, se convertan en oportunidades e poidamos sacar tamén algo en limpo ou algún beneficio?

No que levamos de mañá escoitamos reflexións moi interesantes de responsables políticos europeos, tamén de autoridades do ámbito académico. E é agora o momento de escoitar tamén as reflexións dos voceiros dos grupos parlamentarios galegos, aos que os galegos eliximos para que nos representaran no noso Parlamento. E quero darlles as grazas aos catro por estar aquí. Cónstame que teñen moitas ocupacións pero reservaron tamén un oco para darnos a súa visión sobre o que está pasando neste momento na Unión Europea e que papel xoga Galicia.

Están connosco hoxe Ana Pontón, a voceira do Grupo do BNG, moitas grazas por acompañarnos Xoaquín Fernández Leiceaga, o voceiro do Grupo do PSdG, moitas grazas, Xoaquín; Luís Villares, o voceiro do Grupo de En Marea, moitas grazas, Luís; e Pedro Puy, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, moitas grazas, Pedro, por acompañarnos tamén.

Sei que hai algunha xente que quere preguntar, e eu quixera que logo se suscitara un debate ou unha conversa. Vexo moita xente nova e sei que lle está parecendo moi interesante a xornada. Quixera reservar algúns minutos para tamén que puideran debater os participantes cos voceiros. Pídlles aos voceiros que sexan concisos na medida das súas posibilidades.

Sei que o tema é amplo e a pregunta que lles fago tamén, a pregunta en clave galega: ¿que papel xogou Galicia en Europa e que supuxo Europa para Galicia e para este Parlamento nestes trinta e cinco anos? A pregunta é ampla pero eles son moi agudos e moi eficaces á hora de resumir. Así que, nada, déixolles xa cos voceiros. E esa é a pregunta.

Señora Pontón, comezo por vostede. Dende o BNG: Galicia en Europa e Europa en Galicia no Parlamento Europeo.

### **Ana Belén Pontón Mondelo**

Ben, primeiro, moi bo día a todas e a todos.

Como Susana só lles pide aos voceiros que se conteñan, eu, como son voceira, vou facer uso ilimitado case desa prerrogativa.



En todo caso, sabe Susana que é unha misión ben complexa que estando nun Parlamento onde non temos un presidente cortándonos o micro que os voceiros e as voceiras, ou os deputados e as deputadas, fagamos algo de contención. Eu vouno intentar, mais non prometo que sexa capaz de conseguilo, porque si que me parece que sería importante que nesta rolda tiveramos debate. Vexo que hai estudantes tamén e algúns da facultade na que eu estiven, como é a de Ciencias Políticas. E, xa que logo, é interesante que poidamos ter non só comunicación desde este lado senón que haxa o necesario *feed-back*.

Polo tanto, eu o primeiro que quería dicir —aínda que me imaxino que moitas persoas que están aquí xa o saben— é que o Bloque Nacionalista Galego foi unha organización moi crítica desde os seus inicios con todo o proceso de construción europea. ¿Por que desde o BNG tiñamos esa posición? Pois os motivos son moitos, pero eu vou intentar resumilos en dous:

O primeiro é porque nós cuestionabamos unha Unión Europea que representaba unha Europa neoliberal, antidemocrática, ao servizo dos intereses do gran capital das grandes transnacionais e tamén ao servizo dos intereses dos estados centrais de Europa.

E tamén unha segunda razón era a análise que nós faciamos de como o proceso de construción europea e os axustes desde o punto de vista económico que ía supoñer a incidencia ían ter nun país como Galiza, unha nación sen estado, sen unha voz firme que defendera os nosos intereses. E ademais esa reestruturación ía afectar dunha maneira moi clara sectores que eran básicos na nosa economía —e que logo se viu que tiñan unha incidencia—, como puido ser todo o sector agrario, todo o sector naval, todo o sector pesqueiro. Se ben tamén convén dicir que, a pesar dos corsés que se puxeron ao desenvolvemento destes sectores, creo que os galegos e as galegas demostramos a nosa capacidade para readaptarnos, e mesmo ter un peso moi significativo dentro de todos estes sectores con problemas sobre os que podemos falar, máis que evidente é que hai unha capacidade e un empuxe por parte dos galegos e galegas que tamén debemos de recoñecer.

Eu creo que tamén é importante que salientemos que a nosa crítica ao proxecto de construción europea non se debe a que teñamos ningunha desafección co que significa Europa como continente, Europa como cultura, Europa como marco no que xa por unha cuestión xeográfica nós estamos, senón que o que estamos poñendo en cuestión son as bases concretas sobre as que se asenta o proxecto de construción europea.

E acabamos de ver nestes últimos anos como coa crise económica Europa podemos dicir que quedou espida, abandonouse toda esa retórica que había sobre esa Europa social. E o que quedou ou o que emerxeu pois é claramente unha Unión Europea que non só está neste momento atravesando unha profunda crise desde o punto de vista da súa arquitectura institucional, senón

tamén unha Unión Europea que na resposta que impuxo a crise económica deixou con claridade ao descuberto cales eran as súas prioridades, e mesmo afondou na crise social e de falta de lexitimidade que xa ten en amplos sectores sociais. Podemos dicir que as decisións que adoptaron as institucións comunitarias fixeron máis longa a crise, agudizaron a desigualdade social e agudizaron tamén a desigualdade ou a desprotección sobre todo daqueles pobos que non estamos recoñecidos dentro da Unión Europea e dos que podemos dicir que estamos dentro da periferia.

Tamén a crise e estes últimos acontecementos puxeron ao descuberto a falta de cohesión no espazo comunitario. Durante todo este tempo xustificouse todo o proceso de integración con base en que ía producirse unha equiparación desde un punto de vista dos dereitos sociais e da situación socioeconómica. Aí vemos como as estatísticas oficiais o que evidencian é que o proceso de converxencia nunha Unión Europea a Quince non se produciu nas últimas décadas. E mesmo a propia Comisión —por exemplo, nun estudo que fixo, no que analizaba a converxencia a nivel de estados no período 1999-2007— o que destacaba era que o crecemento da produtividade global dos factores capital e traballo foi moito maior naqueles estados que xa partían dunha posición vantaxosa, estados como Alemaña, Austria, Holanda ou Francia, fronte a aqueles que estaban xa nunha situación dunha maior desigualdade, como eran Portugal, Grecia ou o propio Estado español.

E mesmo vimos durante todos estes anos como a decisión da creación da moeda única, baixo o modelo no que finalmente se consolidou, o que fixo —e vímolos durante a crise— foi agudizar as diferenzas que había entre os diferentes territorios, e mesmo provocou diferenzas desde o punto de vista de cales son as balanzas desde un punto de vista comercial.

E vou moi rapidamente abordar un asunto que nos ten que ocupar estando en Galiza e no noso Parlamento, que é intentar responder á pregunta de como nos foi aos galegos e ás galegas durante estes anos, e se realmente este era o único camiño, é un camiño de éxitos ou é un camiño no que hai sombras que tamén temos que aclarar.

Hoxe escoitaba o presidente do Parlamento —que como non ten rolda de réplica pois vou aproveitar para replicarlle— (*Risos.*) facer unha aseveración, claro, que entraba xusto en colisión con algo que eu quería dicir hoxe. ¿É realista e serio medir como nos foi aos galegos e ás galegas na Unión Europea polo número de quilómetros de autoestradas que temos ou por se hai máis ou menos hospitais no noso país? Eu creo que non, claro, porque baixo este prisma mesmo poderían acabar xustificando algúns que a ditadura foi boa porque houbo máis quilómetros de autoestradas e hospitais. Creo que iso non vale como elemento para medir como lle foi a un país nun proceso tan complexo como é o da creación da Unión Europea.

Nós o que temos que ver é, en termos relativos, a comparación de como nos foi aos galegos e ás galegas en relación cos demais. Entón eu collín algúns datos que me parece que polo menos dan para o debate e que creo que é interesante que o fagamos. Vou coller os datos antes da crise, porque si que creo que a crise distorsionou moito toda a perspectiva que podemos ter sobre o que pasou nestes anos.

Entón, nós se collemos os datos do INE 2008, o PIB per cápita galego era o 88,5 % da media do Estado; é dicir, case o mesmo valor que na primeira metade dos anos oitenta, cando nos incorporamos á Unión Europea.

Se nos fixamos en como foi a evolución da produción e do emprego —é dicir, factores que son importantes para medir cal é o desenvolvemento do noso país—, o certo é que non podemos nin tan sequera falar de que esteamos nunha especie de estancamento relativo. No primeiro lustro da década dos oitenta, Galiza representaba arredor do 6 % do PIB estatal; en 2008 aportabamos o 5,3 %. Pensemos que se nós mantiveramos a mesma porcentaxe que tiñamos nese lustro, o noso PIB sería 8.000 millóns de euros superior ao que foi.

Se analizamos a situación, por exemplo, en termos de emprego, tamén vemos que é unha situación que é claramente alarmante. En 1985 Galiza tiña arredor do 10 % dos ocupados e ocupadas do Estado; en 2008 esa porcentaxe é do 6 %; é dicir, que fomos perdendo peso. E, polo tanto, se hoxe —esta é unha reflexión importante— fomos capaces de manter esa mesma porcentaxe, estaríamos falando de que teríamos unha cifra de ocupados e ocupadas moi superior á que temos na actualidade.

Eu tampouco quero facer unha simplificación, porque estou convencida de que a evolución do noso país tamén tería outras dificultades nun marco diferente. E non creo que todos os problemas que temos como galegos e galegas teñan a súa orixe en cales foron as políticas que se deseñaron desde a Unión Europea. Con todo, creo que non fariamos unha análise certa de cal foi a evolución de sectores económicos importantes para Galiza se non tiveramos en conta que pasou coa nosa pesca, co noso agro, co sector naval, con todas as limitacións que se lle impuxeron a Galiza, porque sabemos —e isto é algo que está asentado no noso país— que nós fomos utilizados como moeda de cambio en todo o proceso de negociación da entrada da Unión Europea. Eu tamén teño de certo que se tiveramos un Goberno que con voz propia nos defendera nese proceso o resultado da integración e do axuste que tivemos que facer en sectores económicos básicos da nosa economía tería sido moi diferente.

En definitiva, nós cremos que Galiza necesita ter outro papel en Europa. Nós necesitamos ter dereito de voz, dereito de veto, capacidade de decisión e de estar presentes cando se toman decisións sobre aspectos que van afectar logo

directamente sectores básicos da nosa economía. E, desde logo, cremos nunha Europa moi diferente da que nos deixan as actuais institucións europeas. Nós acreditamos unha Europa dos pobos, unha Europa social, unha Europa democrática, unha Europa que non estea ao servizo da OTAN nin das grandes transnacionais, unha Europa que defenda os dereitos sociais, que non peche as súas fronteiras ante crises humanitarias como acabamos de ver cos refuxiados e as refuxiadas. En definitiva, unha Europa na que nós sexamos protagonistas e unha Europa na que reine a razón e o corazón, que tamén é importante nestes tempos de tanta tecnocracia na política.

Moitas grazas.

**Susana López Carbia**

Moitas grazas.

Dez minutos, cravou o tempo.

Ben, este foi o balance do BNG para abrir un pouco a mesa redonda.

Imos co balance do PSDG-PSOE. Señor Fernández Leiceaga, cando vostede queira: Galicia en Europa e Europa en Galicia.

**Xoquín Fernández Leiceaga**

Si, inmediatamente.

Moitas grazas.

Eu creo que unha das grandes vantaxes que ten o noso sistema democrático é que permite a expresión de voces, de sensibilidades, de pensamentos plurais sobre un mesmo obxecto. E a cuestión europea é unha boa pedra de toque para isto.

Eu, para empezar —sendo así moi sintético—, teño que dicir que, na miña opinión, a adhesión de España á Unión Europea foi unha grande oportunidade para España e para Galicia, e unha oportunidade ademais que deu —falando dos vinte primeiros anos, ata o inicio da crise— uns enormes rendementos tanto para España como para Galicia.

En fin, eu entendo as comparacións que fai Ana, pero teño que dicir que as boas comparacións serían coa media da Unión Europea e non coa situación española. Porque o que hai que dicir, se o comparamos coa situación española, é que España neses anos progresou terriblemente no conxunto de Europa. E xusto antes da crise estaba xa xusto na media ou incluso lixeiramente por riba da media da Unión Europea en termos de produción por habitante.

E, por tanto, o progreso material que experimentou Galicia nestes anos foi enorme. Posiblemente a xente máis nova non teña a oportunidade de recordalo, pero podemos pensar como era Galicia nos primeiros anos oitenta e como é agora, e darnos unha idea das transformacións.

Durante vinte e tantos anos houbo unha etapa de democracia ben asentada, de estabilidade, de prosperidade, de modernización, que ademais foi compatible con dous fenómenos centrais na nosa historia: o primeiro, unha descentralización en España como non houbo nunca, que permitiu que disfrutáramos dun autogoberno de primeiro nivel; e, en segundo lugar, a construción dun Estado de benestar que, con insuficiencias e situándonos por debaixo dos estándares europeos, sen embargo, nos colocou tamén nunha posición que, en termos históricos, é unha posición única.

¿E iso por que? ¿Que nos deu Europa neste proceso? Ben, poderíamos falar de moitas cousas. Para ir rápido citarei tres nada máis:

Primeiro, dámos estabilidade: estabilidade política, estabilidade social, pero tamén estabilidade económica. Os que temos xa certa idade e recordamos as hipotecas nos anos oitenta e as hipotecas nos primeiros anos deste século, en fin, vimos pasar hipotecas dun 20 % de tipo de xuro a hipotecas dun tipo de xuro dun 2 ou 3 %. E ofreceunos tamén unha inflación moito máis controlada. É dicir, todas estas cousas tamén as importamos de Europa. E iso permitiu impulsar o investimento e a modernización, a planificación a longo prazo, proxectos empresariais poderosos, que tanto necesitabamos e que crearon riqueza e emprego en Galicia.

En segundo lugar, de forma moi importante, abriunos as portas dun gran mercado próximo, de consumidores exixentes pero de alto poder adquisitivo, que permitiu unha especialización que xa estaba producíndose no mercado español. Galicia era produtora e exportadora de determinados bens e de determinados servizos, pero fíxonos ir moito máis alá. Unha economía pequena e periférica como Galicia necesita para modernizarse e para crecer abertura exterior e especialización; é a única forma de facelo. Europa deunos acceso a ese mercado. E curiosamente con Europa, coa Unión Europea, temos unha balanza comercial que é estruturalmente superavitaria, é dicir, que conseguimos venderlle a Europa bastante máis do que lle compramos, comportándonos como un país singular —digamos— no conxunto; comportámonos en certa forma como Alemaña en relación con Europa.

Despois temos outras relacións comerciais diferentes que funcionan doutra maneira. Temos un intenso comercio intraindustrial, por exemplo, no automóbil, que nos converte nunha potencia produtora no conxunto de Europa. Claro que a pertenza a ese mercado exixente, onde hai produtores ben organizados, onde hai sistemas de produción moi sólidos, por exemplo, no sector agrario, causa problemas nalgúns sectores. Pero temos que dicir que despois de todos estes anos somos unha das dez grandes rexións lácteas de Europa,



só hai dúas nos países do sur: unha no norte de Italia e outra en Galicia. ¡Só hai dúas! Consequimos con moito esforzo dos nosos gandeiros, con moitas axudas públicas, aumentar considerablemente a nosa produción nese contexto, e con moitos problemas conseguimos manter un sector lácteo de enorme calidade e dunha gran capacidade de produción.

Claro que hai problemas noutros sectores. Efectivamente, hai algúns aos que lles van peor as cousas e a outros mellor. Hai dificultades de negociación, fixemos unha mala negociación no sector pesqueiro —coincido neste aspecto con Ana—. Pero, sen embargo, o noso sector do viño pois atopa tamén en Europa un mercado excelente para as súas producións. E así sucesivamente.

Terceiro aspecto —importante tamén—: a política rexional europea. Somos unha das rexións de toda Europa que en relación coa súa poboación e co seu PIB recibiu máis fondos desde o ano 1986. Os fondos europeos son unha das compoñentes máis relevantes do investimento público. É máis: substituíron unha política rexional española cada vez máis débil, pero que, sen embargo, non ocasionou problemas para a modernización das nosas infraestruturas nin para a competitividade das nosas empresas, xustamente porque había eses fondos europeos que no redor de 400-500 millóns de euros chegaban cada ano, cada exercicio a Galicia, e permitían mellorar —como dixo ben Katerina Fortún na súa intervención— os edificios destinados á sanidade, a educación, etc., as infraestruturas, pero tamén, e moi fundamentalmente, a capacidade de competencia das nosas empresas.

Todo iso o deu Europa. Claro que dá outras cousas, que é unha competencia moi exixente, regras que ás veces nos prexudican ou non solucionan os problemas, como, por exemplo, seguramente nalgún aspecto no sector naval, pero tamén posiblemente porque nós fixemos mal as cousas. Contemplando globalmente as normas europeas, tamén hai que dicir que constitúen un elemento notable de modernización do funcionamento do noso sector público. E se puideramos incluso impoñer algunhas desas normas que afectan a xestión dos fondos europeos, por exemplo, na loita contra a fraude e contra a corrupción, impoñelo ao conxunto do funcionamento da administración pública, pois mellor nos iría.

Segunda cuestión. A crise, efectivamente, fixo que as costuras de Europa empezaran a ceder e puxo de manifesto algunhas insuficiencias da construción europea. Construimos unha moeda única, pero non adoptamos unha integración bancaria e financeira suficiente, nin unha facenda federal, nin elementos compensadores no terreo social que permitiran facer que funcionase como un sistema federal, como funciona en Estados Unidos. E aí hai dificultades, problemas nunha gobernanza europea á altura das circunstancias. Efectivamente, a crise evidenciou os problemas da construción europea, e necesitamos ir máis alá do que estamos agora. Necesitamos, seguramente —é a miña opinión—, crear un piar social como o que está empezando a deseñarse en Europa, que



funcione non a discreción senón de maneira automática. De forma que aqueles países que sofren máis, que experimentan máis os shocks asimétricos de carácter económico ou social vaian recibir de maneira automática fondos europeos en contía suficiente que amortezan os problemas e que impidan que os elementos de axuste —como ocorreu nesta crise— sexan unicamente dous: a devaluación interna ou a emigración. Porque iso non é aceptable nunha Unión Europea unificada, onde debe primar tamén unha certa solidariedade.

É dicir, todos nos escandalizamos cando tratamos Grecia como un país externo e non como un socio necesario dentro da Unión, ao que hai que axudalo ao mesmo tempo que exixirlle, tamén hai que exixirlle.

**Susana López Carbia**

Quedan dous minutos.

**Xoquín Fernández Leiceaga**

Si.

Digo que a crise evidenciou as dificultades de Europa e agora a cuestión é cara a onde debemos ir. Está claro que non podemos seguir así. Europa ten que reformarse. Europa pode reformarse en varios sentidos. A min gustaríame que se reformara nun sentido máis federal, pero claramente non hai no conxunto de Europa seguramente a unanimidade necesaria. Eu creo que retroceder non é un camiño, levaríanos a unha catástrofe de todo tipo; polo tanto, creo que ese camiño está vedado. E, polo tanto, necesitamos reformar Europa.

E posiblemente a reforma necesite facer compatibles as distintas sensibilidades que existen na diversidade dos vinte e oito países europeos. Terá que haber un núcleo central, ao que eu espero que pertenza España, e que camiñe nun sentido máis federal, tanto en termos de gobernanza como noutros, dunha facenda, etc. Terá que haber unha certa periferia onde isto non ocorra na mesma medida, e así sucesivamente. Unha Europa asimétrica —digamos—, pero espero que nós pertencamos á primeira parte.

E dentro desa Europa eu creo que hai que intentar que as cousas que se fagan se fagan de maneira eficiente. Nese sentido, espero que a política rexional continúe, e continúe sendo un elemento importante, que favoreza a converxencia entre as nacións de Europa. A actual crise pon de manifesto que hai por defecto do mercado tendencia á diverxencia rexional e, por tanto, a política rexional é máis necesaria que nunca. E creo que debemos incorporar esa dimensión rexional tamén noutras políticas. Un exemplo, infraestruturas.

**Susana López Carbia**

Vaia rematando.

## **Xoquín Fernández Leiceaga**

Si.

Cando un ve que o corredor atlántico deixa fóra todo o noroeste peninsular, un non entende como é compatible isto cunha política rexional que financia a modernización dos portos neste noroeste. Por tanto, temos que tamén levar a dimensión rexional a outras políticas comunitarias.

E, por último, a gobernanza. Claro que hai que comentar a calidade democrática en Europa. Na miña opinión, isto pasa por reforzar o papel do Parlamento Europeo e por reforzar o papel dos organismos executivos en Europa.

## **Susana López Carbia**

Moi ben. Moitas grazas.

## **Xoquín Fernández Leiceaga**

Grazas.

## **Susana López Carbia**

Ben, dúas visións moi distintas, que iso é o que enriquece o debate.

A ver a do Grupo de En Marea. Señor Villares, cando queira.

## **Luís Villares Naveira**

Pois agora mesmo.

Bos días a todas e a todos.

O proxecto político de En Marea parte do recoñecemento en pé de igualdade e fraterno cos demais pobos que compoñen o Estado español e o resto dos pobos do mundo. Polo tanto, para nós o proxecto europeo é un proxecto que nin nos resulta alleo nin nos resulta estraño nin, polo tanto, nos resulta adverso. Agora ben, unha cousa é iso e outra cousa é o modo no que se constrúen os procesos e os espazos de integración, tanto social como económica como política, como é o caso que nos ocupa agora.

E, polo tanto, o punto de partida é ver claro quen somos. A perspectiva é a perspectiva galega, como cidadáns europeos e cidadás europeas e cidadáns galegos e cidadás galegas no conxunto de Europa. ¿E que era Galicia no momento da entrada da Unión Europea? Pois o mesmo que é agora, unha nación sen estado, é dicir, unha comunidade humana que ten capacidade de auto-

gobierno aínda que non ten plena soberanía, está encaixada institucional e constitucionalmente dentro do Estado español. E neste contexto político é onde se produce a integración na Unión Europea.

¿Que pasou con relación a isto? Que houbo unha ignorancia absoluta desa arquitectura institucional dentro do Estado español á hora da integración na Unión. Isto supuxo que nun momento no que Galicia aínda estaba comezando a desenvolver as súas institucións de autogoberno —non esquezamos que levabamos naquela altura cinco anos simplemente de autogoberno— non se tivo en conta esa situación para efectos dunha negociación plena da entrada e dun encaixe institucional, dun encaixe social, dun encaixe económico e dun encaixe democrático dentro das institucións europeas.

E falo de todas estas vertentes porque a Unión Europea pretendeu ser todo iso xa desde o primeiro momento, ou había que cubrir ou atender todas as fronteiras en todo ese momento. E, sen embargo, Galicia como suxeito político que era recoñecido constitucionalmente dentro do Estado español non puido defender unha posición autónoma. É certo que a Unión Europea trasladaba aos estados a decisión de como organizar internamente o proceso de adhesión, pero tamén é certo que o Estado ignorou completamente cal era a súa propia arquitectura constitucional. E iso tivo repercusións que chegan ata hoxe practicamente.

Ben, visto o tempo atrás, porque era un pouco a incidencia, que era máis ben o balance de todo este tempo, claro, naquel momento —xa se apuntou aquí— supuxo o sacrificio de determinados sectores que para nós eran básicos desde o punto de vista produtivo. Iso incidía no punto de vista económico, mais tamén no punto de vista social, tanto no sector primario como no sector industrial. Onde naquel momento eramos punteiros, hoxe nalgúns casos non deixamos de selo —como afirmou Leiceaga—, pero si resentidos respecto de cal foi ese proceso de integración, cal foi a utilización que se fixo dentro do conxunto do Estado das nosas potencialidades con relación ás doutras partes do territorio do Estado en relación con ese proceso de integración.

E despois houbo un encaixe institucional do que Galicia, singularmente por relación a unha autonomía política, pois pode dar conta da súa especificidade. Pero, en xeral, aínda que fose simplemente como conformadora do Estado español, deu conta dentro da entrada da Unión Europea dun encaixe institucional moi moi moi deficitario. Porque naquela altura a Unión Europea aínda estaba definida sobre todo como un espazo económico. O cal supuña o furto de decisións de carácter político que tiñan consecuencias de carácter social baixo a aparencia unicamente daquelas decisións de carácter económico, porque era un espazo de integración única e exclusivamente económica a creación dos mercados máis ou menos integrados.

¿Isto que supuxo? Supuxo para Galicia, igual que para o resto da cidadanía do Estado español, furtar o debate político sobre decisións de carácter económico

e, ao final, de carácter social. Polo tanto, xa desde o principio, a percepción dun afastamento da toma de decisións e da claridade de quen son os suxeitos lexitimados para tomar as decisións con relación aos que eran os que despois as ían sufrir ou as ían disfrutar. Polo tanto, unha percepción xa desde o primeiro momento dunha perda de calidade democrática, porque os que decidían non eran o contorno político dos que despois ían executar as decisións.

A consolidación institucional da Unión Europea nos anos noventa, na nosa opinión, supuxo o aboamento destas posicións. Foi o que Luciani xa chamou no seu momento «o poder antisoberano»; é dicir, que os que gobernan non son os que toman as decisións, os que toman as decisións non son os que teñen a lexitimidade para gobernar. E un exemplo claro trasladado a unha época moi actual: a Troica. ¿Cal é a lexitimidade democrática da Troica? E, sen embargo, ¿cal é a capacidade de decisión non soamente económica senón tamén política e social que de facto exerce a Troica? Cando falamos de que a Troica obriga a recortar, por exemplo, do que estamos falando é de que a Troica impón uns recortes de dereitos; non é soamente unha cuestión económica, é unha cuestión de dereitos, de dereitos fundamentais, de liberdades públicas, de dereitos de carácter social. ¿Cal é a lexitimidade democrática desa institución?, ¿de onde lle vén?, ¿é de primeiro grao ou de segundo ou de terceiro grao?, ¿ou cal é? ¿Ten algunha o Banco Mundial, por exemplo, á hora de establecer políticas económicas que inciden directamente, por exemplo, no recorte dun dereito fundamental como é a sanidade ou como é a educación? Pois iso foi o que lexitimou a Unión Europea asentada nos anos noventa: un suposto despotismo liberal, no que todo polo mercado sen o cidadán.

E iso contribuíu a crear unha sensación de afastamento por parte dunha parte importante, e despois crecente e agudizada co gallo da última crise económica con relación a instancias da Unión Europea, que non eran percibidas nin como democraticamente as máis próximas nin as máis eficaces para atallar os problemas de carácter económico, de carácter social que se estaban producindo.

¿Cal é a situación actual? Por abreviar, pois socialmente hai un estado crecente de desafección. ¿Por que de desafección? Porque non se sente que exista un interese predominante a favor das maiorías sociais que compoñen Europa. É dicir, esa Europa dos pobos tan anhelada —e que é predicada, entre outros, polo espazo político que representa En Marea— non se está vendo reflectida, non se veu reflectida durante estes anos, non se veu reflectida durante todo o proceso de construción da Unión Europea.

E non esquezamos —e aquí isto mesmo se dixo esta mañá na parte á que puiden asistir, seguro que despois no resto é igual— as reformas para democratizar a Unión Europea. Claro, logo aquí partimos dun presuposto: a Unión Europea non era un espazo democrático. Un espazo de integración, se acaso económico de mercados, pero que non tiña vocación de ser un espazo

de integración política democrática. E soamente pola vía do remendo é cando se está intentando empezar a dar solución. Solución, non obstante, que segue sendo claramente insatisfactoria. Basta coller calquera manual de Dereito Comunitario para ver como a construción e a modificación de cada unha das institucións segue establecendo unha predominancia política de institucións nas que a lexitimidade democrática soamente é de segundo ou de terceiro grao, fronte á deslexitimación democrática directa como pode ser o caso do Parlamento Europeo ou tamén, no caso que nos pode interesar tamén por relación a este foro, o propio Comité das Rexións da Unión Europea.

Claro, é a visión, é a unión dos grandes mercaderes e non as dos pobos de Europa. Por iso nós consideramos que ese afastamento non é algo que contribuíse positivamente a ver cal é a situación actual con relación a nós como cidadáns e cidadás.

Ben, politicamente, a resultante: reformas que inciden claramente dentro da nosa situación dentro da Unión. Reformas institucionais de carácter constitucional, dúas: o artigo 13, con relación á participación dos cidadáns europeos no sufraxio pasivo para as eleccións municipais; e —a que é fundamental— o artigo 135 da Constitución española, modificado para maior gloria dunhas políticas económicas que se enfrontan completamente á posibilidade de desenvolvemento doutras partes da Constitución española. É dicir, a modificación do artigo 135 supón sacrificar e condicionar as políticas que se opoñan materialmente ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais, nalgúns casos tamén vencellados ás liberdades públicas e aos dereitos de carácter social, a unha situación concreta de carácter económico. E nega outras políticas económicas alternativas pero tan lexítimas como a que se pretende protexer mediante a reforma do artigo 135.

Polo tanto, unha negación de carácter constitucional do desenvolvemento dun modelo social europeo, traducido neste caso ao contexto español, e que, polo tanto, tamén no exercicio das competencias propias do autogoberno galego nos supón tamén a limitación, que vai ata o final de todo tamén mediante o exercicio capado das competencias a nivel incluso municipal, o que temos mediante a Lei Montoro e mediante as últimas reformas que preten-den tamén afondar impedindo a remunicipalización de servizos.

Reformas institucionais —sigo, por abreviar—: Unión Europea-dereitos fundamentais. Tense dito moito que a Unión Europea foi o lugar de estabilidade que nos permite, entre outras cousas, o exercicio pleno dos dereitos fundamentais. Si, pero, porque determinadas institucións garantes de dereitos fundamentais non están vinculadas única e exclusivamente á Unión Europea. O espazo europeo é moito máis amplo do que é o espazo da Unión; por exemplo, o caso do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

En segundo lugar —unha chamada de atención—, cando os xuíces do Estado español reivindicán no artigo 47 o dereito á vivenda digna como fonte xurí-

dica para evitar os desafiuzamentos e acoden ao Tribunal Constitucional español, o Tribunal Constitucional español denega ese dereito dicindo que o sistema hipotecario español é bo e constitucionalmente é admisible tal e como está. Entón, os xuíces españois acoden á Unión Europea, e a Unión Europea tutela determinados dereitos e obriga á modificación do sistema hipotecario español. Podería pensarse que iso é consecuencia dunha tutela máis idónea dos propios dereitos de carácter básico que establece a Constitución no ámbito europeo. Sen embargo, claro, chama a atención nunha cuestión, e é que a tutela deses dereitos no Tribunal de Xustiza da Unión Europea se nos produciu en canto a que cidadáns consumidores, é dicir, anulábanse determinados preceptos do ordenamento xurídico español porque eran abusivos en relación coa condición de consumidores. Polo tanto, limitando a condición do exercicio do dereito a unha capacidade tamén económica, ao desenvolvemento dunhas relacións de carácter económico.

Pero ¿e que pasa naqueles casos nos que non hai manifestación ningunha de carácter económico? ¿Onde van os dereitos fundamentais na crise dos refuxiados? ¿Cal foi a reacción da Unión Europea fronte ao éxodo de refuxiados, de xente que non quería nada de Europa máis que sobrevivir? ¿Cal foi a política aplicada pola Unión Europea? Unha venda para os ollos deses 1.000 millóns de euros a Turquía —un gran garante dos dereitos fundamentais!—, para que non chegasen ás nosas fronteiras e non chegasen aos nosos espazos os cidadáns refuxiados. E ademais impedíndonos a aquelas administracións que quixeron e queren acoller persoas refuxiadas que poidan facelo.

Ben, para nós iso fai que á hora da verdade, á hora do afondamento grande en relación cos dereitos fundamentais, quede moito por desexar. Falábase aquí antes de valados e de vallas...

### **Susana López Carbia**

Remate.

### **Luís Villares Naveira**

...—si— e de mentalidades. ¿Que maior valla de mentalidade foi a que se impuxo en toda a fronteira leste da Unión Europea para evitar fisicamente que esta xente entrase nin de forma ordenada nin de forma desordenada? Podoendo paralos alí... Ben,... a nós parécenos que iso dá lugar a que, claro, o sentimento actual —e remato— de desafección por como se construía a Unión Europea pois sexa difícil de levantar.

E remato con outra cuestión que queda xa apuntada nada máis: a Unión Europea e o Estado de benestar. É dicir, as políticas de privatización da Unión Europea con relación a determinados servizos de carácter esencial negou a posibilidade de que outros gobernos alternativos fixesen políticas económicas



e sociais de carácter alternativo. A privatización dun servizo público impide que outras políticas económicas que leven outro modelo social poidan exercer a prestación deses servizos públicos dunha forma diversa como impuxo a Unión Europea. E a nós iso parécenos tamén inxusto. ¿Por que? Porque nega a diversidade política.

### **Susana López Carbia**

Moitas grazas.

Quedan cuestións. A pregunta é ampla e a resposta tamén, naturalmente.

A resposta do Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy, despois de todo o dito, o seu balance destes anos.

### **Pedro Puy Fraga**

Eu, se me permites, quería dicir que estou moi agradecido por poder formar parte dunhas xornadas nas que, primeiro, celebramos —e eu creo que facemos ben en celebrar que Galicia estea na Unión Europea— a pertenza de Galicia á Unión Europea con motivo do sesenta aniversario dos tratados de Roma, e ademais por estar nunhas xornadas nas que nos acompaña Katerina Fortún, que é a representante da Unión Europea en España. E tamén permítanme aquí que faga especial énfase porque nos acompañan a presidenta e o secretario do Congreso dos Representantes dos Poderes Locais do Consello de Europa. Polo tanto, isto convértese en algo máis que nun acto en defensa ou en crítica da Unión Europea, senón en algo máis importante. É un acto de énfase europeísta, no que, por certo, no fondo, na idea europeísta si é certo que é o único punto en común no que estamos de acordo os catro portavoces.

Ben, eu, como do que se trataba era de explicar por que pensamos que estamos contentos e que hai que celebrar a pertenza á Unión Europea, resumino nunha ducia de motivos que enumero moi rapidamente:

En primeiro lugar, eu creo que Galicia e España se beneficiaron claramente da eliminación de aduanas e fronteiras con outros estados membros; que a libre circulación de persoas, de capitais e de produtos beneficiou fundamentalmente tanto a Galicia como ao conxunto de España.

En segundo lugar, iso permitiunos participar no mercado único máis potente do mundo, un mercado que nestes momentos beneficia ou permite un comercio absolutamente sen ningún tipo de barreira de 500 millóns de persoas, que ademais son as que teñen o maior poder adquisitivo, dadas as dimensións dese mercado do mundo; o cal é, evidentemente, un motivo de grandes oportunidades.

En terceiro lugar, porque temos unha moeda común, o cal permitiu reducir todos os custos de transacción, que permiten, entre outras cousas, que as exportacións sexan máis fáciles e que, polo tanto, o desenvolvemento endógeno sexa máis potente.

En cuarto lugar, porque, aínda que é certo que nalgúns aspectos a negociación orixinaria non foi a mellor para Galicia como consecuencia de que a economía galega era basicamente atlántica e que o que Europa precisaba era sobre todo unha boa entrada dos produtos mediterráneos, tamén é certo que, en cambio, grazas á pertenza á Unión Europea, temos moita máis capacidade de negociación con países terceiros, por exemplo, na pesca; o cal agora mesmo é moi importante. Polo tanto, Galicia tivo e ten nos aspectos que se deron competencias na Unión Europea moita máis capacidade de negociación fronte a terceiros estados.

En quinto lugar, os fondos europeos —xa foron expostos—: 23.000 millóns de euros. Eu creo que a mellora de hospitais, a mellora de estradas, o non tardar en cruzar Galicia ou en ir a Ourense horas e horas... Eu creo que iso é non só un factor de competitividade —como dixo o profesor Fernández Leiceaga— senón que tamén é un indicio do apoio da solidariedade e do benestar que Galicia acadou nos últimos anos. E ademais uns fondos que se ampliaron pese a que Galicia deixou de ser o obxectivo número 1, cunha rede de seguridade que está permitindo agora reconducir os investimentos que antes se centraban fundamentalmente nas infraestruturas cara á investigación, o desenvolvemento e a modernización do noso tecido produtivo. Evidentemente, todo isto nos deu moitísimas infraestruturas. Quero dicir —tamén se mencionou esta mañá— os temas relacionadas co Innova Saúde son fundamentais no investimento en saúde; é dicir, non son infraestruturas menores nin moito menos.

En sétimo lugar, a aplicación en Galicia das políticas comunitarias con toda a bagaxe e experiencia destes países que estaban máis desenvolvidos que España e que Galicia permitiu adaptar a lexislación española e melloralala, e ademais permitiu adaptar a xestión. Isto tamén o mencionou Xoaquín Fernández Leiceaga. E dixo que, efectivamente, o sistema simplemente de control do gasto público que traen os fondos europeos permite extrapolar esas formas de control —como acabamos, por certo, de acordar a iniciativa do Grupo Socialista e do deputado que nos acompaña nesta Cámara recentemente—. Polo tanto, tamén melloramos moito o que é o sistema lexislativo, o sistema normativo e o control do gasto público.

En oitavo lugar, Galicia, evidentemente, aprendeu moito, participou moito na construción europea. Aquí mencionouse, pero á parte da presenza de Galicia no Parlamento Europeo participamos no Comité das Rexións, participamos nos comités da Comisión Europea. Participou Galicia varias veces na formación do Consello da Unión Europea, mesmo participou como represen-

tante de España moitas veces por delegación doutras comunidades autónomas, por exemplo, no Consello Europeo de Pesca. E participa habitualmente na comitloxía, na CALRE e en todos os organismos europeos.

En noveno lugar, permitiunos participar directamente no principal elemento de democracia que hai en Europa directa, que é o Parlamento Europeo. Pero tamén permitiu que os galegos que residen noutros países, do mesmo xeito que os comunitarios que residen en Galicia, poidan participar nas eleccións locais. E, por suposto, beneficiámonos de todas as institucións europeas como son o Defensor do Pobo Europeo, podemos participar nos procesos de iniciativa popular ante o Parlamento Europeo, etc.

En décimo lugar, a educación. Aquí tamén se falou, o máis recente o Erasmus +, pero certamente a mobilidade dos estudantes... Eu cando comecei tamén teño o problema de que peiteo máis canas que moita xente, pero eu a primeira vez que rematada a carreira tiven que ir facer unha estadía no estranxeiro fun pedindo prestado diñeiro a amigos, e despois devolvino. Ben, hoxe os Erasmus e a facilidade que hai para viaxar e estudar fóra é impresionante.

En décimo primeiro lugar, o desenvolvemento do tecido empresarial. Isto tamén é fundamental, sobre todo agora que se está apoiando non só a posta en marcha de negocios senón a ganancia de tamaño empresarial, que é a principal eiva non só da economía galega senón da economía española. E dentro disto no modelo máis innovador.

E, finalmente, non quero deixar de mencionar un efecto particular para Galicia, que é o efecto cultural. Galicia —como todos sabemos— está culturalmente vencellada ao mundo da lusofonía e grazas á caída das fronteiras e á construción da eurorrexión certamente os vencellos con Portugal e coa lusofonía son moito máis importantes.

¿Houbo custos? ¡Claro que houbo custos! Os custos do cambio da modernización. Sempre hai quen ten que sufrir adaptacións. E tiveron que sufrir como o sector industrial, que era en boa medida obsoleto e que viña dun sector público, que, construído no franquismo, necesitaba unha reconversión. E certamente iso xerou custos, como xerou custos noutros sectores como na pesca ou na agricultura, e xa se mencionaron datos do sector lácteo.

Pero a pregunta non é esa, a pregunta é: ¿cales serían os custos de non estar na Unión Europea? E aquí eu pregúntome se o sector naval estaría mellor se non estivésemos na Unión Europea, ou se o sector lácteo estaría mellor de non estar na Unión Europea. Eu creo que as respostas son que non.

Porque os datos e as comparacións —como tamén se dixo aquí— hai que facelos en relación coa media europea e, desde logo, non collendo datas espe-

cíficas senón collendo todo o proceso. Eu quero recordar —estes son datos oficiais de Eurostat— 1986: entrada de España na Unión Europea, o produto interior bruto per cápita en paridade de poder de compra —que é a comparación máis homoxénea— para unha media —e digo toda a serie da Unión Europea a Quince, é dicir, os principais países ata que entrou España— en Galicia era do 55,7, sendo cen a media europea; España, o 70,7; é dicir, Galicia estaba a 22 puntos de España e a 44 da media europea. No 2002, entramos no euro: Galicia, 68,4, é dicir, a 31 da media europea —antes o 44—; España, a 13; é dicir, a media que estaba entre España e Galicia era de 22 puntos e pasa a ser de 18,5; converxencia con Europa —que non se está quieta, que se move, ese cen vai medrando—, de 22 a 18,5. Ano 2015 —é dicir, a última estatística dispoñible—: Galicia, 73,4, é dicir, unha diferenza do 26 desde o 44 de cando entramos —insisto: en produto interior bruto per cápita en paridade de poder de compra—; España, -16,3. A diferenza de Galicia con España pasou de ser de 22 puntos a ser de 10 e a diferenza con Europa pasou de 44 a 26.

Polo tanto, eu creo que esta é a historia dun éxito. É certo que coa crise baixou, no pico da burbulla Galicia chegou a estar no 80,4 e España no 91,5; e hai unha deterioración, pasamos de 20 a 26 en Galicia e de 8 a 16 en España. Pero o certo é que Galicia sacou proveito da pertenza á Unión Europea no proceso histórico, enmarcando ou salientando as dúas datas fundacionais, tanto da entrada de Galicia na Unión Europea como da entrada do euro.

Ben, eu quixera facer simplemente unha referencia de cara ao futuro. O futuro da Unión Europea —se un ve o eurobarómetro— ten que pasar por resolver os problemas que ten a Unión Europea. Cando se creou era porque Europa estaba destruída e había que reconstruíla, e reconstruíuse sobre iso e ademais construíuse un estado de benestar que pacificou o continente. Hoxe en día os retos son outros e non son exactamente iguais en todos os países. Por exemplo, o eurobarómetro marca que a inmigración é un problema, o segundo problema para os europeos; para os españois non o é, é a crise económica e o desemprego.

Polo tanto, nós, obviamente, estamos centrados nun futuro de mellora económica para o conxunto da Unión Europea. Eu simplemente quero dicir que Europa ten que avanzar máis, ten que facer o que fixo no pasado. Igual que se pasou dunha unión aduaneira a unha unión de mercado porque era mellor o mercado que a unión aduaneira. Igual que se pasou a unha unión monetaria porque era mellor unha unión monetaria que unha unión de mercado, agora hai que buscar institucións comúns —eu se queren despois estendémonos un pouco máis—. Pero eu creo que sen un avance na unión fiscal, sen un avance maior na unión bancaria e sen un avance nas institucións, Europa evidentemente poderá resultar un fracaso.

E, se me permites, simplemente quero dicir unha última cousa. Europa e a Unión Europea ten a *potestas* nun sentido clásico, ten o poder, ten a legisla-

ción, ten os cartos, é un axente internacional. Pero está tamén o Consello de Europa, e hoxe acompañánnos dúas persoas que representan o Consello de Europa ao seu máximo nivel. O Consello de Europa segue sendo a voz da *autoritas* de Europa.

E con isto conclúo: en todo o que fagamos en relación coa Unión Europea e con Europa non debemos de esquecer que este proceso institucional consiste en defender valores; valores que aquí se resaltaron e que son a liberdade, que son a igualdade, que son os da xustiza, que son os do pluralismo político, que son os da democracia. En definitiva, que son os valores que nos fan estar e sentirnos orgullosos de pertencer á Unión Europea e ao Consello de Europa.

Grazas.

### **Susana López Carbia**

Ben, agradecémoslles aos voceiros que fixeran este exercicio de concisión porque contaron moitas cousas en pouco tempo, e sei que fixeron un esforzo.

Supoño que queren retrucar algunhas e espero ter tempo para facelo. Pero eu quixera tamén abrir a conversa á xente que está na sala, a todos, pero, particularmente, permítanme á xente nova. Porque hai moitos estudantes que eu creo que sería bonito que nos fixeran algunha reflexión do que para eles é Europa ou fixeran algunha pregunta tamén aos voceiros que nos acompañan.

Eu case tomo a iniciativa, e sei que por alí hai un grupiño de estudantes de Políticas, que sei que estaban moi contentos de estar hoxe na xornada. Non sei se alguén quixera facer algunha pregunta ou algunha reflexión. E animádevos porque isto enriquece tamén o debate e esta xornada.

¿Alguén se anima? A ver, aquela rapaza. Se te pos de pé así escoitámosche mellor... Xa che levan o micrófono.

### **Unha asistente**

En primeiro lugar, moitas grazas por esta consideración respecto de nós. Nós somos estudantes —como ben dixeron— de Ciencias Políticas, pero acabamos de comezar a carreira coma quen di e entón si que somos conscientes de que neste eido de Comunidade Europea temos bastantes lagoas, porque aínda é unha materia na cal non nos adentramos profundamente.

E outra consideración previa que me gustaría facer antes de facer a pregunta é que esta está dirixida ao total das participantes que estamos aquí hoxe, ou sexa, que se nalgún momento alguén quere responder pois que tamén se sinta na liberdade de facelo.

Esta parte da xornada tiña como dous títulos —por así dicilo—, dous eixes que nos suscitan preguntas: o primeiro é o do reforzamento democrático e o segundo é o da dimensión parlamentaria rexional. E respecto destes dous aspectos pois temos dúas cuestións.

### **Susana López Carbia**

A ver, unha primeira. Facemos unha primeira e respondemos brevemente.

#### **Unha asistente**

De acordo.

Unha primeira cuestión, tras falar todas xuntas, vai no eido da comunidade democrática, e é que nós a comezos deste curso tivemos unha serie de charlas acerca de auxes de forzas de extrema dereita e deste rexeitamento da Unión Europea. Entón, queríamos saber como percibides que está esta concepción da Unión Europea, se está en perigo ou que consecuencias políticas pode haber co auxe de forzas de extrema dereita. Lembremos que Le Pen en Francia é segunda forza e, bueno, estas cousas... Entón, esa é a primeira cuestión.

### **Susana López Carbia**

Pois están preocupados estes estudantes polo auxe dos movementos da extrema dereita. Non sei se na mesa os voceiros queren facer algunha reflexión.

A ver, señor Leiceaga. ¿Isto vai ir a máis?, ¿isto é preocupante?, ¿isto é conxuntural?

### **Xoaquín Fernández Leiceaga**

Non, primeiro, un intento de diagnóstico parcial. Eu creo que aquí hai dúas cuestións que son importantes e teñen que ver co cambio. Por unha parte, é certo que a resposta —ao meu modo de ver— das institucións europeas á situación de crise máis aguda no sur de Europa non foi unha resposta completamente adecuada. Eu creo que hai que darlle as grazas a que o Banco Central Europeo e o seu presidente fora incluso máis alá do seu mandato para cunha política monetaria expansiva, de expansión concienciativa, que axudou ás cousas, pero no plano fiscal non houbo unha resposta adecuada, sobre todo daqueles países que tiñan máis marxe e que, por tanto, non tiñan que estar sometidos —digamos— ao control externo que exercía —o que antes se falaba— a Troica, como podía ser a propia Alemaña, que tiña unha situación que lle permitiría facer unha política moito máis expansiva e iso axudaría a todos, isto non ocorreu. Por tanto, en moitos países do sur de Europa e no conxunto de Europa xerouse unha situación de extremo desemprego; Grecia e España son o exemplo máis claro en todo caso de dificultades de vida



para moita xente. E isto afecta a capacidade de representar por parte dos partidos tradicionais sectores moi golpeados por esta crise e que non atopan nin nos seus países nin en Europa unha resposta adecuada.

E, en segundo lugar, eu creo que hai un problema máis de fondo...

**Susana López Carbia**

Moi brevemente.

**Xoaquín Fernández Leiceaga**

...—si— que a crise agudiza pero non... Iso é o que vemos en Francia e noutros países. O que se chama normalmente —por simplificar— «a globalización» afectou de forma moito máis significativa algúns sectores industriais de baixa produtividade e os traballadores con baixa cualificación e cun certo nivel de idade que non ven posibilidades de reconverterse. E isto produce unha nostalxia do Estado nacional, en fin, que a extrema dereita —no caso de Francia, por exemplo— instrumenta ben, pero que non é patrimonio só da extrema dereita, que tamén esta nostalxia está na extrema esquerda —no caso de Francia tamén—. E, por tanto, temos un problema.

Entón, ¿que creo eu que hai que facer? Pois reforzar as institucións europeas, facer que teñan unha política de carácter social e unha política económica máis expansiva nestes momentos. En todo caso, que sexan máis atentas ás dificultades de carácter social e económico que ocasionan no conxunto da Unión Europea algunhas políticas que teñen que cambiar.

**Susana López Carbia**

Non sei se por aí queren contar algo. A señora Pontón.

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Ben, penso que a pregunta é moi interesante, aínda que a resposta non é sinxela nin é fácil, e precisaríamos quizais outras xornadas para falar sobre cal é a crise social...

**Susana López Carbia**

Só diso.

**Ana Belén Pontón Mondelo**

...que está deixando a Unión Europea.

A min o que me parece é que, primeiro, hai unha realidade social que non se pode esconder, e é que a crise e as políticas neoliberais que se están aplicando están provocando un desastre social en moitos países, e concretamente máis nos países como poden ser Grecia, Italia, o propio Estado español e Portugal. A crise o que destapou é que cada vez as diferenzas sociais son máis grandes. E as políticas de axuste económico tan duras que impuxo a Unión Europea provocaron que ese desastre se amplificara, que a crise fora máis longa e que non houbera unha resposta social ante esta crise. E eu creo que iso o están aproveitando certas forzas de extrema esquerda, (*Murmurios.*) perdón, de extrema dereita para emerxer como unha alternativa fronte a ese desastre que é real e que están deixando moitas das decisións que adopta a Unión Europea.

Para min tamén hai unha reflexión que vai noutro cariz...

### **Susana López Carbia**

Brevemente.

### **Ana Belén Pontón Mondelo**

...e é se a equiparación ou a asimilación que fixo a socialdemocracia europea clásica con todo o programa neoliberal pois tamén nos supón que non hai referentes noutro ámbito á hora de darlles unha alternativa a eses traballadores e traballadoras, a esas clases populares que claramente están sufrindo as consecuencias máis duras de toda a Unión Europea.

Eu non creo que a solución a todo isto sexa reforzar precisamente as políticas que causan a crise. Non creo que a alternativa para que haxa un desenvolvemento máis xusto, máis equitativo, pois sexa reforzar nin as políticas de axuste fiscal, nin darlle unha maior capacidade á gran banca para decidir fóra de todo control democrático, senón que nun momento no que se está abrindo —porque todo o mundo reconece que hai un fracaso do actual modelo de construción europea— o que teremos é que pensar nunha Unión Europea que sexa realmente democrática, dos pobos, nunha Unión Europea na que todos e todas teñamos voz, e non unha Unión Europea ao servizo do gran capital e da banca, como é a que temos neste momento.

### **Susana López Carbia**

¿Quere apuntar algo, señor Villares? ¿E señor Puy?

### **Luís Villares Naveira**

Brevemente.

## **Susana López Carbia**

Rapidamente.

## **Luís Villares Naveira**

Eu creo que isto é consecuencia da debilitación dos dous paradigmas básicos: do paradigma democrático e do paradigma social. No paradigma democrático —como dixeran antes— a sensación é de que quen toma as decisións non é quen ten a lexitimación para gobernar, e viceversa. E en relación co paradigma social, o feito de que quen importa son os bancos e o capital, e non son as persoas. Cando o taller de teu pai ou de túa nai vaia mal terá que pechar, cando o banco vai mal hai que rescatalo; cando a pequena empresa vai mal pecha, cando a autopista vai mal rescátase. ¿Que mensaxe estamos enviando con isto? Unha mensaxe que non é exclusivamente de carácter estatal, é de carácter europeo, é dicir, hai unha lexitimación tamén desde estas instancias para a realización dese tipo de políticas.

A despreocupación por eses dous paradigmas é a que dá lugar a que haxa colectivos ou haxa tendencias nalgúns casos eurófobas ou de extrema dereita que se erixan nos salvadores fronte á destrución deses paradigmas. E atopámonos co paradoxo ademais de que a construción, a neoconstrución de identidades de extrema dereita se basee na recuperación de determinados paradigmas sociais. E iso é moi preocupante.

## **Susana López Carbia**

Señor Puy.

## **Pedro Puy Fraga**

Moi brevemente.

Pero eu creo que o que pasa é que hai unha serie de movementos que son imparables —fundamentalmente a globalización— que producen unha serie de determinados efectos, que, en xeral, son positivos. O mundo mellorou moito desde a globalización, a fame eliminouse en boa medida do mundo. O mundo avanzou grazas a un movemento que as novas tecnoloxías impulsaron, que é a globalización. E ao mesmo tempo estamos vivindo un cambio profundo no sistema produtivo, ¿non?, é dicir, a relación entre o que aporta o traballo e o capital grazas á tecnificación está variando. Iso está estudado e é así.

Polo tanto, hai unha serie de cambios e o problema é como lles facemos fronte. E hai dúas respostas: unha é a nostálgica, que é a volta ao pasado, e, polo tanto, aí hai un movemento que é nacionalista e, polo tanto, extremista no retorno ao peche de fronteiras. E pódese ver tanto nos Estados Unidos

como se pode ver en Le Pen, como se pode ver en movementos tamén doutro tipo. Iso é evidente. E hai outras solucións que pasan precisamente por ter instrumentos institucionais que acouten os efectos da globalización e impidan desfeitas como foi a crise financeira. E o que demostrou esta crise é que Europa non tiña eses instrumentos institucionais para facer fronte ou para evitar unha crise como a financeira. E aí o que hai é que recuperar o vello modelo europeo, o que nos demos precisamente despois da Segunda Guerra Mundial, que son institucións que basicamente garanten a liberdade, garanten a iniciativa privada, garanten a liberdade de empresa, que é a que xera máis riqueza, pero, ao mesmo tempo, sentan unhas regras de xogo para que non haxa abusos de poder e redistribúen os resultados dese mercado e esa paz social que se consegue con esas institucións.

A Europa, ¿que é o que lle falta? Temos o mercado...

**Susana López Carbia**

Rapidamente.

**Pedro Puy Fraga**

...xeramos riqueza, pero hai perdedores. E o problema é que falta a parte de redistribución. Ese é o problema que hai. Por iso dicimos que a solución non é menos Europa e máis pechase nas fronteiras, senón reforzar as institucións europeas, facelas máis redistributivas dese gran dividendo que se xera, porque é un espazo fantástico para competir nun mundo globalizado e garantir o estado de benestar.

**Susana López Carbia**

Estamos case pechando.

Rapidamente, por favor.

**Ana Pontón Mondelo**

Unha cuestión moi breve.

Eu imaxino que Pedro Puy tivo un lapsus cando dixo que non hai fame no mundo. Creo que a propia ONU está recoñecendo que hai 795 millóns de persoas...

**Pedro Puy Fraga**

Dixen que se reduciu moitísimo a fame no mundo.

**Ana Pontón Mondelo**

...que padecen fame.

E imaxínome que cando di que están en contra do peche de fronteiras pois tivo aí tamén un lapsus, esquecéndose da política que practica o Estado español e a dereita en Ceuta e Melilla, e do que está pasando en todo o Mediterráneo, que está convertido nun mar no que morren miles de persoas cada ano porque a Unión Europea pecha fronteiras.

A min hai unha cuestión que era pola que máis me interesaba falar...

**Susana López Carbia**

Rapidamente, por favor.

**Ana Pontón Mondelo**

...e é esa equiparación —que eu creo que fai conscientemente e que é moi inxusta— e que me afecta a min como portavoz do Bloque Nacionalista Galego. O Bloque Nacionalista Galego é unha organización de esquerdas que defende a solidariedade entre os pobos, que defende a liberdade, que non está a favor do peche de fronteiras. É polo menos eu o que pido é respecto, porque a extrema dereita non ten absolutamente nada que ver co nacionalismo, senón máis ben cunha concepción imperialista que teñen moitas forzas políticas, por certo, no Estado español. Eu só pido ese respecto e esa cordialidade que estou segura que a terei por parte do portavoz do Grupo Parlamentario Popular.

**Susana López Carbia**

Queda alguén por aquí...

**Pedro Puy Fraga**

Si, non, pero eu teño que responder, salvo que...

**Susana López Carbia**

E o señor Leiceaga tamén.

**Xoaquín Fernández Leiceaga**

Si, vale. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

**Susana López Carbia**

E estamos pechando e isto anímase. Teremos que pedir máis tempo.

**Xoaquín Fernández Leiceaga**

Non, home. Contesta, Pedro.

**Pedro Puy Fraga**

Vamos ver, eu non tiven ningún lapsus porque creo que o que dixen foi que se reduciu moitísimo a pobreza no mundo a raíz da globalización...

**Ana Pontón Mondelo**

Non é certo.

**Pedro Puy Fraga**

...non, evidentemente, que non houbese fame. Iso é evidente. Calquera dato, se queres collemos os que queiras, pasámoschos e ves como mellorou...

**Ana Pontón Mondelo**

Depende de onde...

**Luís Villares Naveira**

O que houbo foi unha deslocalización da pobreza.

**Pedro Puy Fraga.**

Ben, pero se negamos a evidencia é difícil falar.

**Ana Pontón Mondelo**

Efectivamente.

**Susana López Carbia**

De un en un, por favor.

**Pedro Puy Fraga**

A pobreza inmensa esta que existía das hambrunas e tal no mundo diminuíu moi notablemente. Todos os datos da ONU o certifican. Primeira cuestión. ¿Está resolto o problema? Non, pero é evidente que a situación na India ou en China —estamos falando xa de máis da terceira parte da poboación mundial— non é a mesma que era nos anos corenta ou nos anos cincuenta. Primeira cuestión.



Segunda. Eu lamento que se dera por aludida, evidentemente, cando se fala...

**Ana Pontón Mondelo**

¡Home!, falar do nacionalismo..., pois teño que darme por aludida.

**Pedro Puy Fraga**

Ben, non, pero dáste por aludida, pero, vamos, non pechamos as fronteiras, pero, sen embargo, o Bloque Nacionalista Galego fala de cousas como soberanía alimentaria e cuestións destas.

**Ana Pontón Mondelo**

Non, pero non ten nada que ver.

**Pedro Puy Fraga**

Polo tanto, a filosofía proteccionista e nacionalista, que pode ser de esquerdas ou de dereitas, é contraria ao crecemento da riqueza e do benestar que dá o libre comercio, sobre todo en áreas que manteñen un status de benestar como é a Unión Europea. Isto é outra evidencia.

E de onde veñen os ataques ao modelo europeo, que se queren pechar fronteiras ou saírse da Unión Europea, é en movementos nacionalistas, que poden ser de dereitas ou poden ser de esquerdas.

**Ana Pontón Mondelo**

Non.

**Susana López Carbia**

A ver, señor Leiceaga e señor Villares, tamén con brevidade.

**Xoaquín fernández Leiceaga**

Vou intentar aí dar un círculo. Eu creo que o que pasa nos últimos vinte e cinco-trinta anos é que a tradicional —digamos— distancia entre países adiantados e atrasados se reduce, e iso permite a centos de millóns de habitantes de China e da India saír da pobreza. Pero, sen embargo, aumentan as diferenzas nos países desenvolvidos, as diferenzas internas.

**Pedro Puy Fraga**

Iso...

## **Xoaquín Fernández Leiceaga**

E, por tanto, iso, levado á escala europea, obríganos a ser moito máis exixentes —digamos— con esa dimensión social de Europa que falta.

Segundo, eu creo que debemos ter a capacidade de distinguir entre un marco común democrático, onde todos poidamos actuar, e as políticas que se dan dentro deles, que necesariamente son diferentes. Quero dicir: unha Europa democrática quere dicir para min unha Europa máis federal, con máis poder nas institucións europeas e cun peso maior do Parlamento Europeo, que eliminemos todos, e do Executivo dependente del, que ten que ser unha versión nova da actual Comisión. Iso é o que quere dicir. Unha Europa máis social quere dicir construír un piar social ademais do que hai hoxe.

Ben, esa é a miña visión. Non estou moi seguro de que todos queiramos dicir o mesmo cando falamos de Europa democrática e Europa social, porque creo que hai visións distintas sobre o mesmo concepto. Non é o momento de facelo.

Simplemente, —remato xa— as políticas distintas. ¡Claro que as hai! A política que está levando adiante en Portugal un Goberno socialdemócrata, que é unha política expansiva e de recuperación de dereitos sociais, non é a mesma que están levando noutros estados de Europa por parte de forzas máis conservadoras. Pero Europa permite unhas e outras.

## **Susana López Carbia**

A ver, señor Villares.

## **Luís Villares Naveira**

Si. Falaba antes da deslocalización da pobreza. A mobilización de traballadores dentro da Unión Europea deu lugar moitas veces á tendencia á baixa dos propios dereitos laborais e, polo tanto, da súa propia precarización. Isto incluso dentro da Unión Europea, onde tamén se produciu un movemento de empresas cara a espazos dentro da propia Unión, onde era máis barata a man de obra en determinadas condicións. En segundo lugar, a deslocalización de cara a fóra da Unión Europea, exportando determinadas externalidades negativas que tiña a economía europea, que deron lugar a que se sufran esas consecuencias fóra da propia Unión; incluso coa xestión de residuos xerados na propia Unión Europea, concretamente cara a África.

E, en segundo lugar, con relación de novo aos paradigmas social e democrático, creo que non é posible falar dun estándar democrático aceptable sen unha correlatividade de garantía de dereitos sociais. ¿Por que? Porque o exercicio material dos dereitos fundamentais dunha sociedade democrática re-

quire unha determinada orientación social para garantir algo que Puy dicía, aínda que despois inexplicablemente a construción da Unión Europea non se enfocase cara a iso. É dicir, a necesidade da redistribución de oportunidades de renda e riqueza. ¿Para que? Para poder facer materialmente posible o paradigma da liberdade e o paradigma da democracia.

**Susana López Carbia**

Ben, dixéronme que tiñamos ata as dúas da tarde e son as dúas e case cinco minutos. Non sei se o deixamos aquí ou damos paso á clausura.

**xoaquín Fernández Leiceaga**

Si, é mellor.

**Susna López Carbia**

Dígoo porque estaba interesante, pero podemos retomalo noutro momento e facer unha cousa parecida.

**Xoaquín Fernández Leiceaga**

Na televisión.

**Susana López Carbia**

Na televisión, por exemplo, ou no Parlamento, que está este ano moi activo.

Grazas, señores voceiros e señora voceira, moitas grazas por acompañarnos. Grazas a todos polo interese tamén e polas reflexións.

E quédanos xa o treito final da xornada da man do vicepresidente do Parlamento.

Así que, nada, grazas a todos.

## **CLAUSURA**

**Diego Calvo Pouso**

Vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia

## Diego Calvo Pouso

Querida presidenta do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa, secretario do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa, representante da Comisión Europea en España, secretaria da Mesa, voceiros que nos acompañaron, deputados e deputadas, e toda a xente que en xeral hoxe nos acompañou nunha xornada máis deste Parlamento, grazas por estar aquí, grazas aos que tiveron que facer un longo desprazamento en vésperas dun día importante como é o Día de Europa, no que estou seguro que había moitos compromisos para poder asistir e tiveron que facer un esforzo importante por estar hoxe aquí con nós.

Grazas tamén a todas as persoas que hoxe se achegaron a este debate, que, en principio, podía soar raro por ser un debate extraparlamentario, pero que estamos intentando que cada vez se produza máis, que cada vez o Parlamento de Galicia estea máis presente na rúa en Galicia escoitando os cidadáns, e noutras ocasións que sexan os cidadáns os que se acheguen ao Parlamento de Galicia e poidan participar tamén nos debates.

Para nós, os deputados, como para moita xente, é importante á hora de enfrontarnos a un debate —xa que non sabemos de todo— documentarnos acerca dos asuntos, coñecer o parecer dos expertos antes de posicionar o grupo que representamos e, por suposto, escoitar sempre que haxa aportacións interesantes. Un exemplo de todo isto acaba de suceder practicamente neste Parlamento. Hai ben pouco levouse a cabo unha reforma da normativa reguladora do Consello de Contas, e esta reforma tivo a súa orixe nunha comparecencia, nunha comisión de estudo por parte de distintos expertos. Polo tanto, é algo natural no propio dereito parlamentario e é algo que nós queremos poñer como exemplo. Neste caso, esta xornada europea que teño a honra de clausurar é un novo exemplo desa estratexia da apertura do Parlamento, e nese camiño imos seguir traballando.

Quen lles fala, igual que moitas das persoas que están aquí, naceu ou nacemos xa en democracia. Como todos vostedes saben, pouco despois da consolidación da democracia en España chegou a plena incorporación de España á Comunidade Europea. Nada disto é resultado dunha secuencia casual, na medida en que foi necesario deixar atrás a ditadura e implantar a democracia con plenas garantías de futuro para poder ser un socio de pleno dereito en Europa.

Había un sabio europeísta galego, coruñés para máis información, Salvador de Madariaga, que enfatizou sempre na identificación de Europa e liberdade. Decía que onde non hai liberdade non hai Europa. E esa liberdade non debe de entenderse só no ámbito persoal ou no sentido individual, senón tamén que atinxe as institucións e, sobre todo, as culturas. Esta persoa, que ademais sempre foi visionario, foi o primeiro español en recibir o prezado premio Car-

